

Artigo 16. *Cesamento do estatuto.*

1. O estatuto de apátrida cesará de forma automática cando se produza algún dos seguintes feitos:

- a) Que o apátrida obtivese a nacionalidade española.
- b) Que o apátrida fose considerado nacional por outro estado ou o estado onde fixase a súa residencia lle recoñeza dereitos e obrigas análogos á posesión da nacionalidade do dito estado.
- c) Que sexa recoñecida a súa estadía e permanencia no territorio doutro estado que o documentase como apátrida.

2. Constatada a concorrencia de calquera destas causas, o ministro do Interior declarará cesados os beneficios da Convención sobre o Estatuto dos apátridas, por proposta da Oficina de Asilo e Refuxio.

Artigo 17. *Rexistro Central de Estranxeiros.*

1. A solicitude, concesión ou denegación do estatuto de apátrida inscribírase no Rexistro Central de Estranxeiros.

2. A solicitude inscribírase no momento no que se provea ó solicitante da documentación prevista neste real decreto.

Artigo 18. *Expulsión.*

1. Os apátridas poderán ser expulsados do territorio español nos termos previstos no artigo 31 da Convención sobre o Estatuto dos apátridas e de acordo co procedemento establecido na lexislación de estranxeiría.

2. En todo caso, concederáselle ó expulsado o prazo máximo que establece a lexislación de estranxeiría, nos casos de expulsión, para busca-la súa admisión legal noutro país.

XEFATURA DO ESTADO

14274 *CORRECCIÓN de erros do Real decreto lei 12/2001, do 29 de xuño, polo que se aproban medidas fiscais urxentes en materia de retencións e ingresos a conta do imposto sobre a renda das persoas físicas e do imposto sobre sociedades.* («BOE» 176, do 24-7-2001.)

Advertidos erros no texto do Real decreto lei 12/2001, do 29 de xuño, polo que se aproban medidas fiscais urxentes en materia de retencións e ingresos a conta do imposto sobre a renda das persoas físicas e do imposto de sociedades, publicado no «Boletín Oficial del Estado» suplemento número 10 en lingua galega, do 2 de xullo de 2001, procédese a efectua-las oportunas modificacións:

Na páxina 721, primeira columna, segundo parágrafo, terceira liña, onde di: «... anularon o parágrafo 2.º...»; debe dicir: «... anularon o número 2.º...».

Na páxina 721, segunda columna, artigo primeiro, a nova rúbrica do artigo 83 débese pechar co signo ortográfico correspondente ás comiñas.

Na páxina 721, segunda columna, artigo primeiro, a nova redacción do punto 1, parágrafo segundo, do artigo 83, debe ir precedido do signo ortográfico correspondente ás comiñas.

MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE

14276 *REAL DECRETO LEXISLATIVO 1/2001, do 20 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de augas.* («BOE» 176, do 24-7-2001.)

A disposición derradeira segunda da Lei 46/1999, do 13 de decembro, de modificación da Lei 29/1985, do 2 de agosto, de augas, na redacción dada pola Lei 6/2001, do 8 de maio, de avaliación de impacto ambiental, autoriza o Goberno para que, no prazo de dous anos a partir da súa entrada en vigor, dicte un real decreto lexislativo no que se refunda e adapte a normativa legal existente en materia de augas.

Para iso, faise preciso incorpora-las modificacións que no texto da Lei de augas introduce a propia Lei 46/1999 antes citada e a sentenza do Tribunal Constitucional 227/1988, do 29 de novembro, na que se estiman parcialmente tanto os recursos de inconstitucionalidade interpostos contra a Lei de augas, como o conflito positivo de competencias formulado contra determinados preceptos do Regulamento do dominio público hidráulico; pola disposición adicional 9.ª 2 da Lei 42/1994, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social que modifica os puntos 1.º, segundo parágrafo e 2.º, do artigo 109 da Lei de augas en materia de sancións; polos artigos 2 e 3 da Lei 9/1996, do 15 de xaneiro, na que se adoptan medidas extraordinarias, excepcionais e urxentes en materia de abastecementos hidráulicos como consecuencia da persistencia da seca, modificando e ampliando respectivamente os artigos 63 e 109.2 da Lei de augas; polos artigos 158, 173 e 174 da Lei 13/1996, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, relativos á xestión directa da construción ou explotación de determinadas obras públicas, ó réxime xurídico do contrato de concesión de construción e explotación de obras hidráulicas, así como á modificación do artigo 21 da Lei de augas, ó que engade un novo punto e, finalmente, pola Lei 11/1999, do 21 de abril, de modificación da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e outras medidas para o desenvolvemento do goberno local en materia de tráfico, circulación de vehículos de motor, seguridade vial e en materia de augas, que modifica e amplía respectivamente, os artigos 17 e 25 da Lei de augas, relativos ó Consello Nacional da Auga e á composición da Xunta de Goberno dos Organismos de Bacía.

Por outra parte, e a pesar do seu rango legal, non se entendeu adecuado incluír no texto refundido, o Real decreto lei 11/1995, do 28 de decembro, polo que se establecen as normas aplicables ó tratamento das augas residuais urbanas. Esta norma constitúe un complemento do disposto na Lei de augas en relación coas verteduras, pero ten, sen dúbida, outros obxectivos e afecta a outros ámbitos lexislativos diferentes, como ocorre coas augas marítimas reguladas pola Lei de costas. Por iso, sen prexuízo da súa vixencia e aplicación, enténdese que a súa inclusión no texto refundido da Lei de augas ocasionaría importantes disfuncións desde o punto de vista da técnica lexislativa.

En consecuencia, elaborouse un texto refundido da Lei de augas, que se incorpora a este real decreto lexislativo e que ten por obxecto, en cumprimento do mandato legal, recolle-las modificacións que quedaron detalladas.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Medio Ambiente, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 20 de xullo de 2001,

DISPOÑO:**Artigo único.**

Apróbase o texto refundido da Lei de augas que se insire a continuación.

Disposición derogatoria única.

Quedan derogadas tódalas disposicións de igual ou inferior rango que se opoñan ó presente real decreto legislativo e ó texto refundido que aproba e, en particular, as seguintes:

1. A Lei 29/1985, do 2 de agosto, de augas.
2. A Lei 46/1999, do 13 de decembro, pola que se modifica a Lei 29/1985, do 2 de agosto, de augas, excepto a disposición adicional primeira.
3. A disposición adicional 9.^a, número 2, da Lei 42/1994, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, que modifica os números 1.^o, segundo parágrafo e 2.^o, do artigo 109 da Lei de augas, de 1985, en materia de sancións.
4. Os artigos 2 e 3 da Lei 9/1996, do 15 de xaneiro, na que se adoptan medidas extraordinarias, excepcionais e urxentes en materia de abastecementos hidráulicos como consecuencia da persistencia da seca, modificando e ampliando, respectivamente, os artigos 63 e 109.2 da Lei 29/1985.
5. Os artigos 158, 173 e 174 da Lei 13/1996, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, relativos á xestión directa da construción e/ou explotación de determinadas obras públicas, ó réxime xurídico do contrato de concesión de construción e explotación de obras hidráulicas, así como á modificación do artigo 21 da Lei 29/1985, ó que engade un novo punto.
6. O artigo 3 da Lei 11/1999, do 21 de abril, de modificación da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e outras medidas para o desenvolvemento do goberno local en materia de tráfico, circulación de vehículos de motor, seguridade vial e en materia de augas, que modifica e amplía, respectivamente, os artigos 17 e 25 da Lei 29/1985, de augas.

Disposición derradeira única.

Este real decreto legislativo e o texto refundido que aproba entrarán en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Palma de Mallorca o 20 de xullo de 2001.
JUAN CARLOS R.

O ministro de Medio Ambiente,
JAIME MATAS I PALOU

TEXTO REFUNDIDO DA LEI DE AUGAS**TÍTULO PRELIMINAR****Artigo 1. Obxecto da lei.**

1. É obxecto desta lei a regulación do dominio público hidráulico, do uso da auga e do exercicio das competencias atribuídas ó Estado nas materias relacionadas co dito dominio no marco das competencias delimitadas no artigo 149 da Constitución.
2. As augas continentais superficiais, así como as subterráneas renovables, integradas todas elas no ciclo hidrolóxico, constitúen un recurso unitario, subordinado ó interese xeral, que forma parte do dominio público estatal como dominio público hidráulico.

3. Correspóndelle ó Estado, en todo caso, e nos termos que se establecen nesta lei, a planificación hidrolóxica á que deberá someterse toda actuación sobre o dominio público hidráulico.

4. As augas minerais e termais regularanse pola súa lexislación específica.

TÍTULO I**Do dominio público hidráulico do Estado****CAPÍTULO I****Dos bens que o integran****Artigo 2. Definición de dominio público hidráulico.**

Constitúen o dominio público hidráulico do Estado, coas salvidades expresamente establecidas nesta lei:

- a) As augas continentais, tanto as superficiais como as subterráneas renovables con independencia do tempo de renovación.
- b) Os leitos de correntes naturais, continuas ou descontinuas.
- c) Os leitos dos lagos e lagoas e os dos encoros superficiais en leitos públicos.
- d) Os acuíferos subterráneos, para os efectos dos actos de disposición ou de afección dos recursos hidráulicos.
- e) As augas procedentes do desalgamento de auga de mar unha vez que, fóra da planta de produción, se incorporen a calquera dos elementos sinalados nos puntos anteriores.

Artigo 3. Modificación da fase atmosférica.

A fase atmosférica do ciclo hidrolóxico só poderá ser modificada artificialmente pola Administración do Estado ou por aqueles ós que esta autorice.

CAPÍTULO II**Dos leitos, ribeiras e marxes****Artigo 4. Definición de leito.**

Álveo ou leito natural dunha corrente continua ou descontinua é o terreo cuberto polas augas nas máximas enchentes ordinarias.

Artigo 5. Leitos de dominio privado.

1. Son de dominio privado os leitos polos que ocasionalmente discorran augas pluviais en tanto atravesen, desde a súa orixe, unicamente predios de dominio particular.
2. O dominio privado destes leitos non autoriza para facer neles labores nin construír obras que poidan facer variar o curso natural das augas ou altera-la súa calidade en prexuízo do interese público ou de terceiro, ou das que a súa destrución pola forza das enchentes poida ocasionar danos a persoas ou cousas.

Artigo 6. Definición de ribeiras.

1. Enténdese por ribeiras as faixas laterais dos leitos públicos situados por riba do nivel de augas baixas, e por marxes os terreos que lindan cos leitos.

As marxes están suxeitas, en toda a súa extensión lonxitudinal:

a) A unha zona de servidume de cinco metros de largo, para uso público que se regulará regulamentariamente.

b) A unha zona de policía de 100 metros de largo na que se condicionará o uso do solo e as actividades que se desenvolvan.

2. Nas zonas próximas á desembocadura no mar, no contorno inmediato dos encoros ou cando as condicións topográficas ou hidrográficas dos leitos e marxes o fagan necesario para a seguridade de persoas e bens, poderá modificarse o largo de ámbalas zonas na forma que regulamentariamente se determine.

Artigo 7. *Traballos de protección nas marxes.*

Poderán realizarse en caso de urxente necesidade traballos de protección de carácter provisional nas marxes dos leitos. Serán responsables dos eventuais danos que puideran derivarse destas obras os propietarios que as constrúisen.

Artigo 8. *Modificacións dos leitos.*

As situacións xurídicas derivadas das modificacións naturais dos leitos rexeranse polo disposto na lexislación civil. En canto ás modificacións que se orixinen polas obras legalmente autorizadas observarase o establecido na concesión ou autorización correspondente.

CAPÍTULO III

Dos lagos, lagoas, encoros e terreos inundables

Artigo 9. *Leito ou fondo dos lagos, lagoas e encoros superficiais.*

1. Leito ou fondo dos lagos e lagoas é o terreo que ocupan as súas augas nas épocas en que alcanzan o seu maior nivel ordinario.

2. Leito ou fondo dun encoro superficial é o terreo cuberto polas augas cando estas alcanzan o seu maior nivel a consecuencia das máximas enchentes ordinarias dos ríos que o alimentan.

Artigo 10. *As charcas situadas en predios de propiedade privada.*

As charcas situadas en predios de propiedade privada consideraranse como parte integrante deles sempre que se destinen ó servizo exclusivo de tales predios e sen prexuízo da aplicación da lexislación ambiental correspondente.

Artigo 11. *As zonas inundables.*

1. Os terreos que poidan resultar inundados durante as enchentes non ordinarias dos lagos, lagoas, encoros, ríos ou regatos, conservarán a cualificación xurídica e a titularidade dominical que tivesen.

2. Os organismos de bacía darán traslado ás administracións competentes en materia de ordenación do territorio e urbanismo dos datos e estudos dispoñibles sobre enchentes, co obxecto de que se teñan en conta na planificación do solo e, en particular, nas autorizacións de usos que se acorden nas zonas inundables.

3. O Goberno, por real decreto, poderá establecer as limitacións no uso das zonas inundables que estime necesarias para garantir a seguridade das persoas e bens. Os consellos de goberno das comunidades autónomas poderán establecer, ademais, normas complementarias desta regulación.

CAPÍTULO IV

Dos acuíferos subterráneos

Artigo 12. *O dominio público dos acuíferos.*

O dominio público dos acuíferos ou formacións xeolóxicas polas que circulan augas subterráneas, enténdese sen prexuízo de que o propietario do fondo poida realizar calquera obra que non teña por finalidade a extracción ou aproveitamento da auga, nin perturbe o seu réxime nin deteriore a súa calidade, coa salvidade prevista no punto 2 do artigo 54.

CAPÍTULO V

Das augas procedentes do desalgamento

Artigo 13. *Do desalgamento, concepto e requisitos.*

1. Calquera persoa física ou xurídica poderá realizar a actividade de desalgamento de auga de mar, logo das correspondentes autorizacións administrativas respecto ás verteduras que procedan, ás condicións de incorporación ó dominio público hidráulico e ós requisitos de calidade, segundo os usos ós que se destine a auga.

2. O disposto neste artigo enténdese sen prexuízo das autorizacións e concesións demaniais que sexan precisas de acordo coa Lei 22/1988, do 28 de xullo, de costas, e as demais que procedan conforme a lexislación sectorial aplicable se á actividade de desalgamento se asocian outras actividades industriais reguladas, así como as derivadas dos actos de intervención e uso do solo.

Aquelas autorizacións e concesións que deban ser outorgadas por dous ou máis órganos ou organismos públicos da Administración xeral do Estado, tramitaranse nun só expediente, na forma que regulamentariamente se determine.

3. O desalgamento de augas continentais someterase ó réxime previsto nesta Lei para a explotación do dominio público hidráulico.

TÍTULO II

Da administración pública da auga

CAPÍTULO I

Principios xerais

Artigo 14. *Principios rectores da xestión en materia de augas.*

O exercicio das funcións do Estado, en materia de augas, someterase ós seguintes principios:

1.º Unidade de xestión, tratamento integral, economía da auga, desconcentración, descentralización, coordinación, eficacia e participación dos usuarios.

2.º Respecto á unidade da bacía hidrográfica, dos sistemas hidráulicos e do ciclo hidrolóxico.

3.º Compatibilidade da xestión pública da auga coa ordenación do territorio, a conservación e protección do ambiente e a restauración da natureza.

Artigo 15. *Dereito á información.*

1. Tódalas persoas físicas ou xurídicas teñen dereito a acceder á información en materia de augas nos termos previstos na Lei 38/1995, do 12 de decembro, sobre o dereito á información en materia de ambiente e, en

particular, á información sobre verteduras e calidade das augas.

2. Os membros dos órganos de goberno e administración dos organismos de bacía teñen dereito a obter toda a información dispoñible no organismo respectivo nas materias propias da competencia dos órganos de que formen parte.

Artigo 16. *Definición de bacía hidrográfica.*

Para os efectos desta lei, enténdese por bacía hidrográfica o territorio en que as augas flúen ó mar a través dunha rede de leitos secundarios que converxen nun leito principal único. A bacía hidrográfica, como unidade de xestión do recurso, considérase indivisible.

Artigo 17. *Funcións do Estado en relación co dominio público hidráulico.*

En relación co dominio público hidráulico e no marco das competencias que lle son atribuídas pola Constitución, o Estado exercerá, especialmente, as funcións seguintes:

a) A planificación hidrolóxica e a realización dos plans estatais de infraestruturas hidráulicas ou calquera outro estatal que forme parte daquelas.

b) A adopción das medidas precisas para o cumprimento dos acordos e convenios internacionais en materia de augas.

c) O outorgamento de concesións referentes ó dominio público hidráulico nas bacías hidrográficas que excedan do ámbito territorial dunha soa comunidade autónoma.

d) O outorgamento de autorizacións referentes ó dominio público hidráulico, así como a tutela deste, nas bacías hidrográficas que excedan do ámbito territorial, dunha soa comunidade autónoma. A súa tramitación poderá, non obstante, ser encomendada ás comunidades autónomas.

Artigo 18. *Réxime xurídico básico aplicable ás comunidades autónomas.*

1. A comunidade autónoma que, en virtude do seu estatuto de autonomía, exerza competencia sobre o dominio público hidráulico en bacías hidrográficas comprendidas integramente dentro do seu territorio, axustará o réxime xurídico da súa administración hidráulica ás seguintes bases:

a) Aplicación dos principios establecidos no artigo 14 desta lei.

b) A representación dos usuarios nos órganos colexiados da Administración hidráulica non será inferior ó tercio dos membros que os integren.

2. Os actos e acordos que infrinxan a lexislación hidráulica do Estado ou non se axusten á planificación hidrolóxica e afecten a súa competencia en materia hidráulica poderán ser impugnados ante a xurisdicción contencioso-administrativa.

CAPÍTULO II

Do Consello Nacional da Auga

Artigo 19. *O Consello Nacional da Auga.*

Créase, como órgano consultivo superior na materia, o Consello Nacional da Auga, no que, xunto coa Administración do Estado e as das comunidades autónomas, estarán representados os entes locais a través da aso-

ciación de ámbito estatal con maior implantación, os organismos de bacía, así como as organizacións profesionais e económicas máis representativas, de ámbito nacional, relacionadas cos distintos usos da auga. A súa composición e estrutura orgánica serán determinadas por real decreto.

Artigo 20. *Materias sometidas a informe preceptivo do Consello Nacional da Auga.*

1. O Consello Nacional da auga informará preceptivamente:

a) O proxecto do Plan Hidrolóxico Nacional, antes da súa aprobación polo Goberno para a súa remisión ás Cortes.

b) Os plans hidrolóxicos de bacía, antes da súa aprobación polo Goberno.

c) Os proxectos das disposicións de carácter xeral de aplicación en todo o territorio nacional relativas á ordenación do dominio público hidráulico.

d) Os plans e proxectos de interese xeral de ordenación agraria, urbana, industrial e de aproveitamentos enerxéticos ou de ordenación do territorio en tanto afecten substancialmente á planificación hidrolóxica ou ós usos da auga.

e) As cuestións comúns a dous ou máis organismos de bacía en relación co aproveitamento de recursos hídricos e demais bens do dominio público hidráulico.

2. Así mesmo, emitirá informe sobre todas aquelas cuestións relacionadas co dominio público hidráulico que puideran serlle consultadas polo Goberno ou polos órganos executivos superiores das comunidades autónomas.

O Consello poderá propor ás administracións e organismos públicos as liñas de estudo e investigación para o desenvolvemento das innovacións técnicas no que se refire a obtención, emprego, conservación, recuperación, tratamento integral e economía da auga.

CAPÍTULO III

Dos organismos de bacía

SECCIÓN 1.^a CONFIGURACIÓN E FUNCIÓNS

Artigo 21. *Os organismos de bacía.*

Nas bacías hidrográficas que excedan o ámbito territorial dunha comunidade autónoma constituiranse organismos de bacía coas funcións e cometidos que se regulan nesta lei.

Artigo 22. *Natureza e réxime xurídico dos organismos de bacía.*

1. Os organismos de bacía, coa denominación de confederacións hidrográficas, son organismos autónomos dos previstos no artigo 43.1.a) da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado, adscritos, para efectos administrativos, ó Ministerio de Medio Ambiente.

2. Os organismos de bacía disporán de autonomía para rexer e administrar por si mesmos os intereses que lles sexan confiados; para adquirir e allea-los bens e dereitos que poidan constituí-lo seu propio patrimonio; para contratar e obrigarse e para exercer, ante os tribunais, todo xénero de accións, sen máis limitacións que as impostas polas leis. Os seus actos e resolucións poñen fin á vía administrativa.

3. O seu ámbito territorial, que se definirá regulamentariamente, comprenderá unha ou varias bacías

hidrográficas indivisas, coa soa limitación derivada das fronteiras internacionais.

4. Os organismos de bacía réxense pola Lei 6/1997, do 14 de abril, e demais disposicións de aplicación ós organismos autónomos da Administración xeral do Estado, así como por esta lei e polos regulamentos dictados para o seu desenvolvemento e execución.

Artigo 23. *Funcións.*

1. Son funcións dos organismos de bacía:

a) A elaboración do plan hidrolóxico de bacía, así como o seu seguimento e revisión.

b) A administración e control do dominio público hidráulico.

c) A administración e control dos aproveitamentos de interese xeral ou que afecten a máis dunha comunidade autónoma.

d) O proxecto, a construción e explotación das obras realizadas con cargo ós fondos propios do organismo, e as que lles sexan encomendadas polo Estado.

e) As que se deriven dos convenios con comunidades autónomas, corporacións locais e outras entidades públicas ou privadas, ou dos subscritos cos particulares.

2. Para o cumprimento das funcións encomendadas nas alíneas d) e e) do punto anterior, os organismos de bacía poderán:

a) Adquirir por subscrición ou compra, allear e, en xeral, realizar calquera acto de administración respecto de títulos representativos de capital de sociedades estatais que se constitúan para a construción, explotación ou execución de obra pública hidráulica, ou de empresas mercantís que teñan por obxecto social a xestión de contratos de concesión de construción e explotación de obras hidráulicas, logo de autorización do Ministerio de Facenda.

b) Subscribir convenios de colaboración ou participar en agrupacións de empresas e unións temporais de empresas que teñan como obxecto calquera dos fins anteriormente indicados.

c) Conceder préstamos e, en xeral, outorgar crédito a calquera das entidades relacionadas nas alíneas a) e b).

Artigo 24. *Outras atribucións.*

Os organismos de bacía terán, para o desempeño das súas funcións, ademais das que se establecen expresamente noutros artigos desta lei, as seguintes atribucións e cometidos:

a) O outorgamento de autorizacións e concesións referentes ó dominio público hidráulico, salvo as relativas ás obras e actuacións de interese xeral do Estado, que corresponderán ó Ministerio de Medio Ambiente.

b) A inspección e vixilancia do cumprimento das condicións de concesións e autorizacións relativas ó dominio público hidráulico.

c) A realización de aforos, estudos de hidroloxía, información sobre enchentes e control da calidade das augas.

d) O estudo, proxecto, execución, conservación, explotación e mellora das obras incluídas nos seus propios plans, así como daquelas outras que puideran encomendárselles.

e) A definición de obxectivos e programas de calidade de acordo coa planificación hidrolóxica.

f) A realización, no ámbito das súas competencias, de plans, programas e accións que teñan como obxectivo unha adecuada xestión das demandas, co fin de promoverlo aforro e a eficiencia económica e ambiental dos diferentes usos da auga mediante o aproveitamento global e integrado das augas superficiais e subterráneas, de acordo, se é o caso, coas previsións da correspondente planificación sectorial.

g) A prestación de toda clase de servizos técnicos relacionados co cumprimento dos seus fins específicos e, cando lles fora solicitado, o asesoramento á Administración xeral do Estado, comunidades autónomas, corporacións locais e demais entidades públicas ou privadas, así como ós particulares.

Na determinación da estrutura dos organismos de bacía terase en conta o criterio de separación entre as funcións de administración do dominio público hidráulico e as demais.

Artigo 25. *Colaboración coas comunidades autónomas.*

1. Os organismos de bacía e as comunidades autónomas poderán establecer unha mutua colaboración no exercicio das súas respectivas competencias, especialmente mediante a incorporación daquelas á xunta de goberno dos ditos organismos, segundo o determinado nesta lei.

2. Os organismos de bacía poderán subscribir convenios de colaboración coas comunidades autónomas, as administracións locais e as comunidades de usuarios para o exercicio das súas respectivas competencias, conforme o disposto na lexislación vixente.

3. Os expedientes que tramiten os organismos de bacía no exercicio das súas competencias substantivas sobre a utilización e aproveitamento do dominio público hidráulico someteranse a informe previo das comunidades autónomas para que manifesten, no prazo e supostos que regulamentariamente se determinen, o que coíden oportuno en materias da súa competencia. As autorizacións e concesións sometidas a este trámite de informe previo non estarán suxeitas a ningunha outra intervención nin autorización administrativa respecto ó dereito a usa-lo recurso, salvo que así o estableza unha lei estatal, sen prexuízo das autorizacións ou licencias esixibles por outras administracións públicas en relación coa actividade de que se trate ou en materia de intervención ou uso de solo. O mesmo trámite de informe someteranse os plans, programas e accións a que se refire o artigo 24, alínea f).

4. As confederacións hidrográficas emitirán informe previo, no prazo e supostos que regulamentariamente se determinen, sobre os actos e plans que as comunidades autónomas teñan que aprobar no exercicio das súas competencias, entre outras, en materia de ambiente, ordenación do territorio e urbanismo, espazos naturais, pesca, montes, regadíos e obras públicas de interese rexional, sempre que tales actos e plans afecten o réxime e aproveitamento das augas continentais ou os usos permitidos en terreos de dominio público hidráulico e nas súas zonas de servidume e policía, tendo en conta para estes efectos o previsto na planificación hidráulica e nas planificacións sectoriais aprobadas polo Goberno. O informe entenderase favorable se non se emite no prazo indicado. Igual norma será tamén de aplicación ós actos e ordenanzas que aproben as entidades locais no ámbito das súas competencias.

Non será necesario o informe previsto no parágrafo anterior no suposto de actos dictados en aplicación de instrumentos de planeamento que fosen obxecto do correspondente informe previo pola Confederación Hidrográfica.

SECCIÓN 2.^a ÓRGANOS DE GOBERNO E ADMINISTRACIÓN**Artigo 26. Órganos de goberno dos organismos de bacía.**

1. Son órganos de goberno dos organismos de bacía a xunta de goberno e o presidente.

2. Son órganos de xestión, en réxime de participación, para o desenvolvemento das funcións que especificamente lles atribúe esta lei, a asemblea de usuarios, a comisión de desaugamento de encoros, as xuntas de explotación e as xuntas de obras.

3. É órgano de planificación o consello da auga da bacía.

Artigo 27. Composición da xunta de goberno.

A composición da xunta de goberno do organismo de bacía será determinada por vía regulamentaria, atendidas as peculiaridades das diferentes bacías hidrográficas e dos diversos usos da auga, de acordo coas seguintes normas e directrices:

a) A presidencia da xunta corresponderalle ó presidente do organismo de bacía.

b) A Administración xeral do Estado contará cunha representación de cinco vocais, como mínimo, un de cada un dos ministerios de Medio Ambiente; de Agricultura, Pesca e Alimentación; de Ciencia e Tecnoloxía; de Sanidade e Consumo e de Economía, e un representante da Administración tributaria do Estado, no suposto de que por convenio se lle encomende a esta a xestión e recadación na bacía das exaccións previstas nesta lei.

c) Corresponderalle á representación dos usuarios, polo menos un tercio do total de vocais e, en todo caso, un mínimo de tres, integrándose esta representación en relación cos seus respectivos intereses no uso da auga.

d) As comunidades autónomas que decidisen incorporarse ó organismo de bacía, de acordo co previsto no artigo 25, estarán representadas na súa xunta de goberno, polo menos, por un vocal. O total de vocais representantes e a súa distribución serán establecidos, en cada caso, en función do número de comunidades autónomas integrantes da bacía hidrográfica e da superficie e poboación destas nela comprendidas.

e) As provincias estarán representadas de acordo coa porcentaxe do seu territorio afectado pola bacía hidrográfica.

Artigo 28. Atribucións da xunta de goberno.

Correspóndelle á xunta de goberno:

a) Aproba-los plans de actuación do organismo, a proposta de orzamento e coñece-la súa liquidación.

b) Acordar, se é o caso, as operacións de crédito necesarias para finalidades concretas relativas á súa xestión, así como para financia-las actuacións incluídas nos plans de actuación, cos límites que regulamentariamente se determinen.

c) Adopta-los acordos que correspondan no exercicio das funcións establecidas no artigo 23 desta lei, así como os relativos ós actos de disposición sobre o patrimonio dos organismos de bacía.

d) Prepara-los asuntos que se teñan que someter ó consello de auga da bacía.

e) Aprobar, logo de informe do consello da auga da bacía, as modificacións sobre o largo das zonas de servidume e de policía previstas no artigo 6 desta lei.

f) Declarar acuíferos sobreexplotados ou en risco de estalo, determina-los perímetros de protección dos

acuíferos subterráneos, conforme o sinalado no artigo 56 desta lei, aproba-las medidas de carácter xeral establecidas no artigo 55 e ser oída no trámite de audiencia ó organismo de bacía a que se refire o artigo 58. Así mesmo, correspóndelle a adopción das medidas para a protección das augas subterráneas fronte a intrusionés de augas salinas a que se refire o artigo 99 desta lei.

g) Adopta-las decisións sobre comunidades de usuarios ás que se refiren os artigos 81.4 e 82.4.

h) Promove-las iniciativas sobre zonas húmidas ás que se refiren os números 5 e 6 do artigo 111.

i) Emitir informe, por iniciativa do presidente, sobre as propostas de sanción por infraccións graves ou moi graves cando os feitos de que se trate sexan dunha especial transcendencia para a boa xestión do recurso no ámbito da bacía hidrográfica.

j) Aprobar, se é o caso, criterios xerais para a determinación das indemnizacións por danos e perdas ocasionados ó dominio público hidráulico, de acordo co artigo 118 desta lei.

k) Propórle ó consello da auga da bacía a revisión do plan hidrolóxico correspondente.

l) E, en xeral, deliberar sobre aqueles asuntos que sexan sometidos á súa consideración polo seu presidente ou por calquera dos seus membros.

Artigo 29. Nomeamento dos presidentes de organismos de bacía.

Os presidentes dos organismos de bacía serán nomeados e cesados polo Consello de Ministros por proposta do ministro de Medio Ambiente. Os nomeamentos axustaranse ó establecido no artigo 18.2 da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado.

Artigo 30. Funcións do presidente do organismo.

1. Correspóndelle ó presidente do organismo de bacía:

a) A representación legal do organismo.

b) Presidi-la xunta de goberno, a asemblea de usuarios, a comisión de desaugamento de encoros e o consello da auga.

c) Coidar de que os acordos dos órganos colexiados se axusten á legalidade vixente.

d) Desempeña-la superior función directiva e executiva do organismo.

e) En xeral, o exercicio de calquera outra función que non estea expresamente atribuída a outro órgano.

2. Os actos e acordos dos órganos colexiados do organismo de bacía que poidan constituír infracción de leis ou non se axusten á planificación hidrolóxica poderán ser impugnados polo presidente ante a xurisdicción contencioso-administrativa.

A impugnación producirá a suspensión do acto ou acordo, pero o tribunal deberá ratificala ou levantala nun prazo non superior a trinta días. O procedemento será o establecido no artigo 127 da Lei reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa.

Artigo 31. A asemblea de usuarios.

A asemblea de usuarios, integrada por todos aqueles usuarios que forman parte das xuntas de explotación, ten por finalidade coordina-la explotación das obras hidráulicas e dos recursos da auga en toda a bacía, sen menoscabo do réxime concesional e dereitos dos usuarios.

Artigo 32. *As xuntas de explotación.*

As xuntas de explotación teñen por finalidade coordinar, respectando os dereitos derivados das correspondentes concesións e autorizacións, a explotación das obras hidráulicas e dos recursos de auga daquel conxunto de ríos, río, tramo de río ou unidade hidroxeolóxica cuns aproveitamentos que estean especialmente interrelacionados. As propostas formuladas polas xuntas de explotación no ámbito das súas competencias trasladaranse, para os efectos previstos no artigo 30.1, ó presidente do organismo de bacía.

A constitución das xuntas de explotación, nas que os usuarios participarán maioritariamente con relación ós seus respectivos intereses no uso da auga e ó servizo prestado á comunidade, será determinada regulamentariamente.

Promoverase a constitución de xuntas de explotación conxunta de augas superficiais e subterráneas en tódolos casos en que os aproveitamentos dunhas e outras augas estean claramente interrelacionados.

Artigo 33. *A comisión de desaugamento de encoros.*

Correspóndelle á comisión de desaugamento de encoros deliberar e formular propostas ó presidente do organismo sobre o réxime adecuado de enchedura e baleirado dos encoros e acuíferos da bacía, atendidos os dereitos concesionais dos distintos usuarios. A súa composición e funcionamento regularanse regulamentariamente atendendo ó criterio de representación adecuada dos intereses afectados.

Artigo 34. *As xuntas de obras.*

A xunta de goberno, a pedimento dos futuros usuarios dunha obra xa aprobada, poderán constituí-la correspondente xunta de obras, na que participarán tales usuarios, na forma que regulamentariamente se determine, co fin de que estean directamente informados do desenvolvemento e incidencias da dita obra.

Artigo 35. *Consello da auga da bacía.*

1. Correspóndelle ó consello da auga elevarlle ó Goberno, a través do Ministerio de Medio Ambiente, o plan hidrolóxico da bacía e as súas posteriores revisións. Así mesmo, poderá emitir informe sobre as cuestións de interese xeral para a bacía e as relativas á mellor ordenación, explotación e tutela do dominio público hidráulico.

2. As comunidades autónomas, o territorio das cales forme parte total ou parcialmente dunha bacía hidrográfica, incorporaranse nos termos previstos nesta lei ó consello da auga correspondente para participar na elaboración da planificación hidrolóxica e demais funcións deste.

Artigo 36. *Composición.*

A composición do consello da auga dos organismos de bacía establecerase, por vía regulamentaria, en cada caso, axustándose ás seguintes normas e directrices:

a) Cada departamento ministerial relacionado co uso dos recursos hidráulicos estará representado por un número de vocais non superior a tres.

b) A representación dos usuarios non será inferior ó tercio do total de vocais e estará integrada por repre-

sentantes dos distintos sectores con relación ós seus respectivos intereses no uso da auga.

c) Os servizos técnicos do organismo estarán representados por un máximo de tres vocais.

d) A representación das comunidades autónomas que participen no Consello, de acordo co previsto no artigo 35, será determinada e distribuída en función do número de comunidades autónomas da bacía e da superficie e poboación destas incluídas nela, debendo estar representada cada unha das comunidades autónomas participantes, polo menos, por un vocal.

A representación das comunidades autónomas non será inferior á que corresponda ós diversos departamentos ministeriais sinalados na alínea a).

e) As entidades locais o territorio das cales coincida total ou parcialmente co da bacía estarán representadas en función da extensión ou porcentaxe do dito territorio afectado pola bacía hidrográfica.

SECCIÓN 3.^a FACENDA E PATRIMONIO

Artigo 37. *Adscrición de bens ós organismos de bacía.*

Os bens do Estado e os das comunidades autónomas, adscritos ou que poidan adscribirse ós organismos de bacía para o cumprimento dos seus fins, conservarán a súa cualificación xurídica orixinaria, correspondendo tan só ó organismo a súa utilización, administración e explotación, con suxeición ás disposicións legais vixentes na materia.

Artigo 38. *Patrimonio propio.*

Con independencia de tales bens e para o mellor cumprimento dos seus fins, os organismos de bacía poderán posuír un patrimonio propio integrado por:

a) Os bens e dereitos que figuren no patrimonio das actuais confederacións hidrográficas.

b) Os que no futuro puideran adquirir cos fondos procedentes do seu orzamento.

c) Os que por calquera título xurídico puideran recibir do Estado, das comunidades autónomas, de entidades públicas ou privadas, ou dos particulares.

Artigo 39. *Ingresos do organismo*

Terán a consideración de ingresos do organismo de bacía os seguintes:

a) Os produtos e rendas do seu patrimonio e os da explotación das obras cando lles sexa encomendada polo Estado, as comunidades autónomas, as corporacións locais e os particulares.

b) As remuneracións polo estudo e redacción de proxectos, dirección e execución das obras que lles encomende o Estado, as comunidades autónomas, as corporacións locais, así como as procedentes da prestación de servizos facultativos e técnicos.

c) As asignacións orzamentarias do Estado, comunidades autónomas e corporacións locais.

d) Os procedentes da recadación de taxas, exaccións e prezos autorizados ó organismo.

e) Os reintegros dos anticipos outorgados polo Estado para a construción de obras hidráulicas que realice o propio organismo.

f) O produto das posibles achegas acordadas polos usuarios, para obras ou actuacións específicas, así como calquera outra percepción autorizada por disposición legal.

TÍTULO III

Da planificación hidrolóxica

Artigo 40. *Obxectivos da planificación hidrolóxica.*

1. A planificación hidrolóxica terá por obxectivos xerais conseguilo bo estado ecolóxico do dominio público hidráulico e a satisfacción das demandas de auga, o equilibrio e harmonización do desenvolvemento rexional e sectorial, incrementando as dispoñibilidades do recurso, protexendo a súa calidade, economizando o seu emprego e racionalizando os seus usos en harmonía co ambiente e cos demais recursos naturais.

2. A planificación realizarase mediante os plans hidrolóxicos de bacía e o Plan Hidrolóxico Nacional. O ámbito territorial de cada plan hidrolóxico será determinado regulamentariamente.

3. Os plans hidrolóxicos serán públicos e vinculantes, sen prexuízo da súa actualización periódica e revisión xustificada, e non crearán por si sos dereitos en favor de particulares ou entidades, polo que a súa modificación non dará lugar a indemnización, sen prexuízo do disposto no artigo 65.

4. Os plans hidrolóxicos serán elaborados en coordinación coas diferentes planificación sectoriais que lles afecten, tanto respecto ós usos da auga como ós do solo, e especialmente co establecido na planificación de regadíos e outros usos agrarios.

5. O Goberno aprobará os plans hidrolóxicos de bacía nos termos que estime procedentes en función do interese xeral, sen prexuízo do disposto no punto seguinte.

6. Os plans hidrolóxicos de bacía que fosen elaborados ou revisados ó amparo do disposto no artigo 18 serán aprobados se se axustan ás prescricións dos artigos 40.1 e 42, non afectan os recursos doutras bacías e, se é o caso, se acomodan ás determinacións do Plan Hidrolóxico Nacional.

Artigo 41. *Elaboración dos plans hidrolóxicos de bacía.*

1. A elaboración e proposta de revisións posteriores dos plans hidrolóxicos de bacía serán realizados polo organismo de bacía correspondente ou pola administración hidráulica competente, nas bacías comprendidas integramente no ámbito territorial da comunidade autónoma.

2. O procedemento para elaboración e revisión dos plans hidrolóxicos de bacía regularase por vía regulamentaria, na que necesariamente se preverá a participación dos departamentos ministeriais interesados, os prazos para presentación das propostas polos organismos correspondentes e a actuación subsidiaria do Goberno en caso de falta de proposta.

Artigo 42. *Contido dos plans hidrolóxicos de bacía.*

Os plans hidrolóxicos de bacía comprenderán obrigatoriamente:

- a) O inventario dos recursos hidráulicos.
- b) Os usos e demandas existentes e previsibles.
- c) Os criterios de prioridade e de compatibilidade de usos, así como a orde de preferencia entre os distintos usos e aproveitamentos.
- d) A asignación e reserva de recursos para usos e demandas actuais e futuros, así como para a conservación ou recuperación do medio natural.
- e) As características básicas de calidade das augas e da ordenación das verteduras de augas residuais.
- f) As normas básicas sobre melloras e transformacións en regadío que aseguren o mellor aproveitamento

do conxunto de recursos hidráulicos e terreos dispoñibles.

g) Os perímetros de protección e as medidas para a conservación e recuperación do recurso e contorno afectados.

h) Os plans hidrolóxico-forestais e de conservación de solos que teñan que ser realizados pola Administración.

i) As directrices para recarga e protección de acuíferos.

j) As infraestructuras básicas requiridas polo plan.

k) Os criterios de avaliación dos aproveitamentos enerxéticos e a fixación dos condicionantes requiridos para a súa execución.

l) Os criterios sobre estudos, actuacións e obras para previr e evita-los danos debidos a inundacións, enchentes e outros fenómenos hidráulicos.

Artigo 43. *Previsións dos plans hidrolóxicos de bacía.*

1. Nos plans hidrolóxicos de bacía poderanse establecer reservas, de auga e de terreos, necesarias para as actuacións e obras previstas.

2. Poderán ser declarados de protección especial determinadas zonas, bacías ou tramos de bacías, acuíferos ou masas de auga polas súas características naturais ou interese ecolóxico, de acordo coa lexislación ambiental e de protección da natureza. Os plans hidrolóxicos recollerán a clasificación das ditas zonas e as condicións específicas para a súa protección.

3. As previsións dos plans hidrolóxicos a que se refiren os puntos anteriores deberán ser respectadas nos diferentes instrumentos de ordenación urbanística do territorio.

Artigo 44. *Declaración de utilidade pública.*

1. O Goberno poderá face-la declaración de utilidade pública dos traballos, estudos e investigacións requiridas para a elaboración e revisión dos plans hidrolóxicos que sexan realizados polos servicios do Ministerio de Medio Ambiente, polo Instituto Xeolóxico e Mineiro de España ou por calquera outro organismo das administracións públicas.

2. A aprobación dos plans hidrolóxicos de bacía implicará a declaración de utilidade pública dos traballos de investigación, estudos, proxectos e obras previstos no plan.

Artigo 45. *Contido do Plan Hidrolóxico Nacional.*

1. O Plan Hidrolóxico Nacional será aprobado por lei e conterá, en todo caso:

a) As medidas necesarias para a coordinación dos diferentes plans hidrolóxicos de bacía.

b) A solución para as posibles alternativas que aqueles ofrezan.

c) A previsión e as condicións das transferencias de recursos hidráulicos entre ámbitos territoriais de distintos plans hidrolóxicos de bacía.

d) As modificacións que se prevexan na planificación do uso do recurso e que afecten a aproveitamentos existentes para abastecemento de poboacións ou regadíos.

2. Corresponderalle ó Ministerio de Medio Ambiente a elaboración do Plan Hidrolóxico Nacional, conxuntamente cos departamentos ministeriais relacionados co uso dos recursos hidráulicos.

3. A aprobación do Plan Hidrolóxico Nacional implicará a adaptación dos plans hidrolóxicos de bacía ás previsións daquel.

Artigo 46. Obras hidráulicas de interese xeral.

1. Terán a consideración de obras hidráulicas de interese xeral e serán de competencia da Administración xeral do Estado, no ámbito das bacías a que se refire o artigo 21 desta lei:

a) As obras que sexan necesarias para a regulación e condución do recurso hídrico, co obxecto de garantir a dispoñibilidade e aproveitamento da auga en toda a bacía.

b) As obras necesarias para o control, defensa e protección do dominio público hidráulico, sen prexuízo das competencias das comunidades autónomas, especialmente as que teñan por obxecto facer fronte a fenómenos catastróficos como as inundacións, secas e outras situacións excepcionais, así como a prevención de enchentes vinculadas a obras de regulación que afecten o aproveitamento, protección e integridade dos bens do dominio público hidráulico.

c) As obras de corrección hidrolóxico-forestal das que o seu ámbito territorial afecte a máis dunha comunidade autónoma.

d) As obras de abastecemento, potabilización e desalgamento das que a súa realización afecte a máis dunha comunidade autónoma.

2. O resto de obras hidráulicas serán declaradas de interese xeral por lei.

3. Non obstante o sinalado no punto anterior, poderán ser declaradas obras hidráulicas de interese xeral mediante real decreto:

a) As obras hidráulicas recollidas no número 1 nas que non concorran as circunstancias nel previstas, por solicitude da comunidade autónoma no territorio da cal se sitúen, cando polas súas dimensións ou custo económico teñan unha relación estratéxica na xestión integral da bacía hidrográfica.

b) As obras necesarias para a execución de plans nacionais, distintos dos hidrolóxicos, pero que garden relación con eles, sempre que o mesmo plan atribúa a responsabilidade das obras á Administración xeral do Estado, por solicitude da comunidade autónoma no territorio da cal se sitúe.

4. A declaración como obras hidráulicas de interese xeral das infraestructuras necesarias para as transferencias de recursos, a que se refire a alínea c), número 1 do artigo 45 desta lei, soamente poderá realizarse pola norma legal que aprrobe ou modifique o Plan Hidrolóxico Nacional.

TÍTULO IV**Da utilización do dominio público hidráulico****CAPÍTULO I****Servidumes legais****Artigo 47. Obrigas dos predios inferiores.**

1. Os predios inferiores están suxeitos a recibir as augas que naturalmente e sen obra do home descendan dos predios superiores, así como a terra ou pedra que arrastren no seu curso. Nin o dono do predio inferior pode facer obras que impidan esta servidume nin o do superior obras que a agraven.

2. Se as augas fosen produto de descubrimento, sobrantes doutros aproveitamentos ou se alterase de modo artificial a súa calidade espontánea, o dono do predio inferior poderá opoñerse á súa recepción, con dereito a esixir resarcimento de danos e perdas, de non existirla correspondente servidume.

Artigo 48. Réxime xurídico da servidume de acueducto.

1. Os organismos de bacía poderán impor, de acordo co disposto no Código civil e no regulamento desta lei, a servidume forzosa de acueducto, se o aproveitamento do recurso ou a súa evacuación o esixise.

2. De acordo coas mesmas normas, os organismos de bacía poderán impo-las servidumes de saca de auga e bebedoiro, de servidume de apoio de presa e de parada ou partidior, así como as de paso, cando se trate de garantir o acceso ou facilitar este a zona de dominio público dos leitos, para usos determinados, incluíndo os deportivos e recreativos, e, en xeral, cantas servidumes estean previstas no Código civil.

3. O expediente de constitución de servidume deberá reducir, no posible, o gravame que esta implique sobre o predio servente.

4. A variación das circunstancias que deron orixe á constitución dunha servidume dará lugar, por instancia de parte, ó correspondente expediente de revisión, que seguirá os mesmos trámites regulamentarios que os previstos no de constitución.

5. O beneficiario dunha servidume forzosa deberá indemnizar os danos e perdas ocasionados ó predio servente de conformidade coa lexislación vixente.

Artigo 49. Titularidade dos elementos da servidume.

En toda levada ou acueducto, o leito, as cembas e as marxes serán considerados como parte integrante da herdade ou edificio ó que vaian destinadas as augas ou, en caso de evacuación, dos que procederan.

CAPÍTULO II**Dos usos comúns e privativos****Artigo 50. Usos comúns.**

1. Todos poden, sen necesidade de autorización administrativa e de conformidade co que dispoñan as leis e regulamentos, usar das augas superficiais, mentres discorren polos seus leitos naturais, para beber, bañarse e outros usos domésticos, así como para abeberalo gando.

2. Estes usos comúns terán que levarse a cabo de forma que non se produza unha alteración da calidade e caudal das augas. Cando se trate de augas que circulen por leitos artificiais, terán, ademais, as limitacións derivadas da protección do acueducto. En ningún caso, as augas poderán ser desviadas dos seus leitos, debendo respectarse o réxime normal de aproveitamento.

3. A protección, utilización e explotación dos recursos pesqueiros en augas continentais, así como a repoboación acuícola e piscícola, será regulada pola lexislación xeral do ambiente e, se é o caso, pola súa lexislación específica.

4. A lei non ampara o abuso do dereito na utilización das augas nin o desperdicio ou mal uso delas, calquera que fose o título que se alegase.

Artigo 51. Usos comúns especiais suxeitos a autorización.

Requirirán autorización administrativa previa os seguintes usos comúns especiais:

- a) A navegación e flotación.
- b) O establecemento de barcas de paso e os seus embarcadoiros.
- c) Calquera outro uso, non incluído no artigo anterior, que non exclúa a utilización do recurso por terceiros.

Artigo 52. Formas de adquirir-lo dereito ó uso privativo.

1. O dereito ó uso privativo, sexa ou non consuntivo, do dominio público hidráulico adquirese por disposición legal ou por concesión administrativa.

2. Non poderá adquirirse por prescrición o dereito ó uso privativo do dominio público hidráulico.

Artigo 53. Extinción do dereito ó uso privativo.

1. O dereito ó uso privativo das augas, calquera que sexa o título da súa adquisición, extinguese:

- a) Por termo do prazo da súa concesión.
- b) Por caducidade da concesión nos termos previstos no artigo 66.
- c) Por expropiación forzosa.
- d) Por renuncia expresa do concesionario.

2. A declaración da extinción do dereito ó uso privativo da auga requirirá a previa audiencia dos seus titulares.

3. Cando o destino dado ás augas concedidas fose a rega ou o abastecemento de poboación, o titular da concesión poderá obter unha nova co mesmo uso e destino para as augas, debendo formula-la solicitude no trámite de audiencia previa no expediente de declaración de extinción ou durante os últimos cinco anos da vixencia daquela.

En caso de producirse a solicitude, e sempre que a iso non se opuxese o Plan Hidrolóxico Nacional, o organismo de bacía tramitará o expediente excluindo o trámite de proxectos en competencia.

4. O extinguirse o dereito concesional, reverterán á Administración competente gratuitamente e libres de cargas cantas obras fosen construídas dentro do dominio público hidráulico para a explotación do aproveitamento, sen prexuízo do cumprimento das condicións estipuladas no documento concesional.

5. Os dereitos adquiridos por disposición legal perderanse segundo o establecido na norma que os regule ou, no seu defecto, por disposición normativa do mesmo rango.

6. A vixencia dos contratos de cesión de dereitos de uso da auga a que se refire o artigo 67 será a establecida polas partes nos ditos contratos. En todo caso, a extinción do dereito ó uso privativo do cedente implicará automaticamente a resolución do contrato de cesión.

Artigo 54. Usos privativos por disposición legal.

1. O propietario dun predio pode aproveita-las augas pluviais que discorran por ela e as estancadas, dentro dos seus lindeiros, sen máis limitacións que as establecidas nesta lei e as que se deriven do respecto ós dereitos de terceiro e da prohibición do abuso do dereito.

2. Nas condicións que regulamentariamente se establezan, poderanse utilizar nun predio augas procedentes de mananciais cando o volume total anual non exceda os 7.000 metros cúbicos. Nos acuíferos que fosen declarados como sobreexplotados, ou en risco de estalo, non poderán realizarse novas obras das amparadas por este punto sen a correspondente autorización.

Artigo 55. Facultades do organismo de bacía en relación co aproveitamento e control dos leitos concedidos.

1. O organismo de bacía, cando así o esixa a dispoñibilidade do recurso, poderá fixa-lo réxime de explotación dos encoros establecidos nos ríos e dos acuíferos subterráneos, réxime ó que haberá de adaptarse a utilización coordinada dos aproveitamentos existentes.

Igualmente, poderá fixa-lo réxime de explotación conxunta das augas superficiais e dos acuíferos subterráneos.

2. Con carácter temporal, poderá tamén condicionar ou limita-lo uso do dominio público hidráulico para garanti-la súa explotación racional. Cando por iso se ocasione unha modificación de caudais que xere prexuízos a uns aproveitamentos en favor doutros, os titulares beneficiados deberán satisfacer-la oportuna indemnización, correspondéndolle ó organismo de bacía, en defecto de acordo entre as partes, a determinación da súa contía.

3. Cando existan leitos reservados ou comprendidos nalgún plan do Estado que non sexan obxecto de aproveitamento inmediato, poderán outorgarse concesións en precario que non consolidarán ningún dereito nin darán lugar a indemnización se o organismo de bacía reduce os leitos ou revoga as autorizacións.

4. Os organismos de bacía determinarán, no seu ámbito territorial, os sistemas de control efectivo dos leitos de auga utilizados e das verteduras ó dominio público hidráulico que deban establecerse para garanti-lo respecto ós dereitos existentes, permiti-la correcta planificación e administración dos recursos, e asegura-la calidade das augas. Para tal efecto, e por instancia do organismo de bacía, os titulares das concesións administrativas de augas e todos aqueles que por calquera outro título teñan dereito ó seu uso privativo, estarán obrigados a instalar e mante-los correspondentes sistemas de medición que garantan información precisa sobre os leitos de auga en efecto utilizados e, se é o caso, retornados.

Reglamentariamente establecerase a forma de cómputo dos caudais efectivamente aproveitados cando se trate de caudais sobrantos doutros aproveitamentos.

As comunidades de usuarios poderán esixir tamén o establecemento de análogos sistemas de medición ós comuneiros ou grupos de comuneiros que se integran nelas.

A obriga de instalar e manter sistemas de medición é esixible tamén ós que realicen calquera tipo de verteduras no dominio público hidráulico.

Os sistemas de medición serán instalados no punto que determine o organismo de bacía logo de audiencia ós usuarios. As comunidades de usuarios poderán solicita-la instalación dun único sistema de medición de caudais para os aproveitamentos conxuntos de usuarios interrelacionados.

As medidas previstas neste punto poderán ser adoptadas polo organismo competente da comunidade autónoma, en coordinación co organismo de bacía, cando así se encomendase.

Artigo 56. Acuíferos sobreexplotados.

1. O organismo de bacía competente, oído o consello da auga, poderá declarar que os recursos hidráulicos subterráneos dunha zona están sobreexplotados ou en risco de estalo. Nestas zonas o organismo de bacía, de oficio ou por proposta da comunidade de usuarios ou órgano que a substitúa, conforme o punto 2 do artigo 87, aprobará, no prazo máximo de dous anos desde a declaración, un plan de ordenación para a recuperación do acuífero ou unidade hidroxeolóxica. Ata a aprobación do plan, o organismo de bacía poderá establece-las limitacións de extracción que sexan necesarias como medida preventiva e cautelar.

O referido plan ordenará o réxime de extraccións para lograr unha explotación racional dos recursos e poderá establece-la substitución das captacións individuais preexistentes por captacións comunitarias, transformándose, se é o caso, os títulos individuais cos seus dereitos inherentes, nun colectivo que deberá axustarse ó disposto no plan de ordenación.

2. Poderá determinar tamén perímetros dentro dos cales non será posible o outorgamento de novas con-

cesións de augas subterráneas a menos que os titulares das preexistentes estean constituídos en comunidades de usuarios, de acordo co disposto no capítulo IV do título IV desta lei.

3. Así mesmo, co fin de protexe-las augas subterráneas fronte ós riscos de contaminación, o organismo de bacía poderá determinar perímetros de protección do acuífero ou unidade hidroxeolóxica nos que será necesaria autorización do organismo de bacía para a realización de obras de infraestrutura, extracción de áridos ou outras actividades e instalacións que poidan afectalo.

4. Regulamentariamente, establecerase o procedemento para a declaración de acuífero sobreexplotado e a determinación dos perímetros a que se refiren os puntos anteriores.

Artigo 57. *Aproveitamentos mineiros.*

1. Os titulares dos aproveitamentos mineiros previstos na lexislación de minas utilizarán utiliza-las augas que capten con motivo das explotacións, dedicándoas a finalidades exclusivamente mineiras. Para estes efectos, deberán solicita-la correspondente concesión, tramitada conforme o previsto nesta lei.

2. Se existisen augas sobrantas, o titular do aproveitamento mineiro poñeráas á disposición do organismo de bacía, que determinará o destino destas ou as condicións en que deba realizarse o desaugamento, atendendo especialmente á súa calidade.

3. Cando as augas captadas en labores mineiros afecten a outras concesións, observarase o disposto para o efecto nesta lei.

Artigo 58. *Situacións excepcionais.*

En circunstancias de secas extraordinarias, de sobreexplotación grave de acuíferos, ou en similares estados de necesidade, urxencia ou concorrencia de situacións anómalas ou excepcionais, o Goberno, mediante decreto acordado en Consello de Ministros, oído o organismo de bacía, poderá adoptar, para a superación destas situacións, as medidas que sexan precisas en relación coa utilización do dominio público hidráulico, aínda cando fose obxecto de concesión.

A aprobación destas medidas levará implícita a declaración de utilidade pública das obras, sondaxes e estudos necesarios para desenvolvelas, para efectos da ocupación temporal e expropiación forzosa de bens e dereitos, así como a de urxente necesidade da ocupación.

CAPÍTULO III

Das autorizacións e concesións

SECCIÓN 1.^a A CONCESIÓN DE AUGAS EN XERAL

Artigo 59. *Concesión administrativa.*

1. Todo uso privativo das augas non incluído no artigo 54 require concesión administrativa.

2. As concesións outorgaranse tendo en conta a explotación racional conxunta dos recursos superficiais e subterráneos, sen que o título concesional garanta a dispoñibilidade dos caudais concedidos.

3. Se para a realización das obras dunha nova concesión, fose necesario modifica-la toma ou captación doutra ou outras preexistentes, o organismo de bacía poderá impor, ou propor se é o caso, a modificación, sendo os gastos e prexuízos que se ocasionen por conta do petionario.

4. Toda concesión se outorgará segundo as previsións dos plans hidrolóxicos, con carácter temporal e prazo non superior a setenta e cinco anos. O seu outor-

gamento será discrecional, pero toda resolución será motivada e adoptada en función do interese público. As concesións serán susceptibles de revisión de acordo co establecido no artigo 65 desta lei.

5. Non obstante o disposto no número 1, os órganos da Administración central ou das comunidades autónomas poderán acceder á utilización das augas logo de autorización especial estendida ó seu favor ou do Patrimonio do Estado, sen prexuízo de terceiros.

6. Cando para a normal utilización dunha concesión fose absolutamente necesaria a realización de determinadas obras, o custo das cales non poida ser amortizado dentro do tempo que falta por transcorrer ata o final do prazo da concesión, este poderá prorrogarse polo tempo preciso para que as obras poidan amortizarse, cun límite máximo de dez anos e por unha soa vez, sempre que estas obras non se opoñan ó plan hidrolóxico correspondente e sexan acreditados polo concesionario os prexuízos que se lle irrogarían en caso contrario.

7. Os caudais ecolóxicos ou demandas ambientais non terán o carácter de uso para efectos do previsto neste artigo e seguintes, debendo considerarse como unha restricción que se impón con carácter xeral ós sistemas de explotación. En todo caso, aplicarase tamén ós caudais ambientais a regra sobre supremacía do uso para abastecemento de poboacións recollida no parágrafo final do número 3 do artigo 60. Os caudais ecolóxicos fixaranse nos plans hidrolóxicos de bacía. Para o seu establecemento, os organismos de bacía realizarán estudos específicos para cada tramo de río.

8. O outorgamento dunha concesión non exime o concesionario da obtención de calquera outro tipo de autorización ou licencia que conforme outras leis se lles exixa á súa actividade ou instalacións.

Artigo 60. *Orde de preferencia de usos.*

1. Nas concesións observarase, para efectos do seu outorgamento, a orde de preferencia que se estableza no plan hidrolóxico da bacía correspondente, tendo en conta as esixencias para a protección e conservación do recurso e o seu contorno.

2. Toda concesión está suxeita a expropiación forzosa, de conformidade co disposto na lexislación xeral sobre a materia, a favor doutro aproveitamento que lle preceda segundo a orde de preferencia establecida no plan hidrolóxico de bacía.

3. Na falta desta orde de preferencia rexerá con carácter xeral a seguinte:

1.º Abastecemento de poboación, incluíndo na súa dotación a necesaria para industrias de pouco consumo de auga situadas nos núcleos de poboación e conectadas á rede municipal.

2.º Regadíos e usos agrarios.

3.º Usos industriais para produción de enerxía eléctrica.

4.º Outros usos industriais non incluídos nos puntos anteriores.

5.º Acuicultura.

6.º Usos recreativos.

7.º Navegación e transporte acuático.

8.º Outros aproveitamentos.

A orde de prioridades que puidera establecerse especificamente nos plans hidrolóxicos de bacía, deberá respectar en todo caso a supremacía do uso consignado no número 1.º da precedente enumeración.

4. Dentro de cada clase, en caso de incompatibilidade de usos, serán preferidas aquelas de maior utilidade pública ou xeral, ou aquelas que introduzan mellores técnicas que redunden nun menor consumo de auga ou no mantemento ou mellora da súa calidade.

Artigo 61. Condicións xerais das concesións.

1. Toda concesión se entenderá feita sen prexuízo de terceiro.

2. A auga que se conceda quedará adscrita ós usos indicados no título concesional, sen que poida ser aplicada a outros distintos, nin a terreos diferentes se se tratase de regas, coa excepción do previsto no artigo 67.

3. Non obstante, a Administración concedente poderá impo-la substitución da totalidade ou de parte dos caudais concesionais por outros de distinta orixe, co fin de racionaliza-lo aproveitamento do recurso.

A Administración responderá unicamente dos gastos inherentes á obra de substitución, podendo repercutir estes gastos sobre os beneficiarios.

4. Cando o destino das augas fose a rega, o titular da concesión deberá selo tamén das terras ás que a auga vaia destinada, sen prexuízo das concesións outorgadas ás comunidades de usuarios e do que se establece no artigo seguinte. A concesión para rega poderá preve-la aplicación da auga a distintas superficies alternativa ou sucesivamente ou prever un perímetro máximo de superficie dentro do cal o concesionario poderá regar unhas superficies ou outras.

5. O organismo de bacía poderá outorgar concesións colectivas para rega a unha pluralidade de titulares de terras que se integren mediante convenio nunha agrupación de regantes, de acordo co disposto no punto 5 do artigo 81. Neste suposto, o outorgamento do novo título concesional levará implícita a caducidade das concesións para rega preexistentes das que sexan titulares os membros da agrupación de regantes nas superficies obxecto do convenio.

Artigo 62. Concesións para rega en réxime de servizo público.

1. Poderán outorgarse concesións de augas para rega, en réxime de servizo público, a empresas ou particulares, aínda que non posúan a titularidade das terras eventualmente beneficiarias da rega, sempre que o peticionario acredite previamente que conta coa conformidade dos titulares que reunisen a metade da superficie destas terras.

2. Neste suposto, a Administración concedente aprobará os valores máximos e mínimos das tarifas de rega, que haberán de incorpora-las cotas de amortización das obras.

3. O titular dunha concesión para rega en réxime de servizo público, non poderá beneficiarse do previsto no artigo 55.3, correspondéndolles ós titulares da superficie regada o dereito a instar unha nova concesión, nos termos do dito punto.

4. As obras e instalacións que non revertesen á Administración competente pasarán, se é o caso, á titularidade do novo concesionario.

Artigo 63. Transmisión de aproveitamentos.

A transmisión total ou parcial dos aproveitamentos de auga que impliquen un servizo público ou a constitución de gravames sobre eles requirirá autorización administrativa previa.

Nos demais casos só será necesario acreditar de modo fidedigno, no prazo e forma que regulamentariamente se estableza, a transferencia ou a constitución do gravame.

Artigo 64. Modificación das características da concesión.

Toda modificación das características dunha concesión requirirá previa autorización administrativa do mesmo órgano outorgante.

Artigo 65. Revisión das concesións.

1. As concesións poderán ser revisadas:

a) Cando de forma comprobada se modificasen os supostos determinantes do seu outorgamento.

b) En casos de forza maior, a pedimento do concesionario.

c) Cando o esixa a súa adecuación ós plans hidrolóxicos.

2. Así mesmo, as concesións para o abastecemento de poboacións e regadíos poderán revisarse nos supostos nos que se acredite que o obxecto da concesión pode cumprirse cunha menor dotación ou unha mellora da técnica de utilización do recurso, que contribúa a un aforro deste.

Para estes efectos, as confederacións hidrográficas realizarán auditorías e controis das concesións, co fin de comproba-la eficiencia da xestión e utilización dos recursos hídricos obxecto da concesión.

3. Só no caso sinalado na alínea c) do número 1, o concesionario prexudicado terá dereito a indemnización, de conformidade co disposto na lexislación xeral de expropiación forzosa.

4. A modificación das condicións concesionais nos supostos do número 2 non lle outorgará ó concesionario dereito a ningunha compensación económica. Sen prexuízo diso, regulamentariamente poderán establecerse axudas a favor dos concesionarios para axustar-las súas instalacións ás novas condicións concesionais.

Artigo 66. Caducidade das concesións.

1. As concesións poderán declararse caducadas por incumprimento de calquera das condicións esenciais ou dos prazos nela previstos.

2. Así mesmo, o dereito ó uso privativo das augas, calquera que sexa o título da súa adquisición, poderá declararse caducado pola interrupción permanente da explotación durante tres anos consecutivos sempre que aquela sexa imputable ó titular.

SECCIÓN 2.^a CESIÓN DE DEREITOS Ó USO PRIVATIVO DAS AUGAS**Artigo 67. Do contrato de cesión de dereitos.**

1. Os concesionarios ou titulares dalgún dereito ó uso privativo das augas poderán ceder con carácter temporal a outro concesionario ou titular de dereito de igual ou maior rango segundo a orde de preferencia establecida no plan hidrolóxico da bacía correspondente ou, no seu defecto, no artigo 60 desta lei, logo de autorización administrativa, a totalidade ou parte dos dereitos de uso que lles correspondan.

Os concesionarios ou titulares de dereitos de usos privativos de carácter non consuntivo non poderán ceder-las seus dereitos para usos que non teñan tal consideración.

2. Cando razóns de interese xeral o xustifiquen, o ministro de Medio Ambiente poderá autorizar con carácter excepcional cesións de dereitos de uso da auga que non respecten as normas sobre prelación de usos a que se refire o número 1 deste artigo.

3. Os adquirentes dos dereitos dimanantes da cesión subrogaranse nas obrigas que correspondan ó cedente ante o organismo de bacía respecto ó uso da auga.

4. O incumprimento dos requisitos establecidos nesta sección será causa para acorda-la caducidade do dereito concesional do cedente.

Artigo 68. Formalización, autorización e rexistro do contrato de cesión.

1. Os contratos de cesión deberán ser formalizados por escrito e postos en coñecemento do organismo de bacía e das comunidades de usuarios ás que pertencen o cedente e o cesionario mediante o traslado da copia do contrato, no prazo de quince días desde a súa sinatura. No caso de cesións entre usuarios de auga para rega, deberá constar no contrato a identificación expresa dos predios que o cedente renuncia a regar ou se compromete a regar con menos dotación durante a vixencia do contrato, así como a dos predios que regará o adquirente co caudal cedido.

2. Entenderanse autorizados, sen que ata entón produzan efectos entre as partes, no prazo dun mes contado desde a notificación efectuada ó organismo de bacía, se este non formula oposición cando se trate de cesións entre membros da mesma comunidade de usuarios, e no prazo de dous meses no resto dos casos. Cando a cesión de dereitos se refira a unha concesión para regadíos e usos agrarios, o organismo de bacía dará traslado da copia do contrato á correspondente comunidade autónoma e ó Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, para que emitan informe previo no ámbito das súas respectivas competencias no prazo de dez días.

3. O organismo de bacía poderá non autorizar a cesión de dereitos de uso da auga, mediante resolución motivada, dictada e notificada no prazo sinalado, se esta afecta negativamente o réxime de explotación dos recursos na bacía, os dereitos de terceiros, os caudais ambientais, o estado ou conservación dos ecosistemas acuáticos ou se incumpre algún dos requisitos sinalados nesta sección, sen que iso dea lugar a dereito a ningunha indemnización por parte dos afectados. Tamén poderá exercer nese prazo un dereito de adquisición preferente do aproveitamento dos caudais que se van ceder, rescatando os caudais de todo uso privativo.

4. Os organismos de bacía inscribirán os contratos de cesión de dereitos de uso da auga no Rexistro de Augas ó que se refire o artigo 80, na forma que se determine regulamentariamente. Posteriormente, poderán inscribirse, ademais, no Rexistro da Propiedade, nos folios abertos ás concesións administrativas afectadas.

5. As competencias da Administración hidráulica ás que se refire esta sección serán executadas nas bacías intracomunitarias pola administración hidráulica da correspondente comunidade autónoma.

Artigo 69. Obxecto do contrato de cesión.

1. O volume anual susceptible de cesión en ningún caso poderá superar ó realmente utilizado polo cedente. Regulamentariamente se establecerán as normas para o cálculo do dito volume anual, tomando como referencia o valor medio do caudal realmente utilizado durante a serie de anos que se determinen, corrixido, se é o caso, conforme a dotación obxectivo que fixe o plan hidrolóxico de bacía e o bo uso da auga, sen que en ningún caso poida cederse un caudal superior ó concedido.

2. Os caudais que sexan obxecto de cesión computaranse como de uso efectivo da concesión para os efectos de evita-la posible caducidade do título concesional do cedente.

3. A cesión de dereitos de uso da auga poderá implicar unha compensación económica que se fixará de mutuo acordo entre os contratantes e deberá explicitarse no contrato. Regulamentariamente poderá establecerse o importe máximo da dita compensación.

Artigo 70. Instalacións e infraestructuras hidráulicas necesarias.

1. Cando a realización material das cesións acordadas requira o emprego de instalacións ou infraestructuras hidráulicas das que fosen titulares terceiros, o seu uso establecerase por libre acordo entre as partes.

2. No caso de que as instalacións ou infraestructuras hidráulicas necesarias sexan de titularidade do organismo de bacía, ou ben teña este encomendada a súa explotación, os contratantes deberán solicitar, á vez que dan traslado da copia do contrato para a súa autorización, a determinación do réxime de utilización destas instalacións ou infraestructuras, así como a fixación das exaccións económicas que correspondan de acordo coa lexislación vixente.

3. Se para a realización material das cesións acordadas fose necesario construír novas instalacións ou infraestructuras hidráulicas, os contratantes deberán presentar, á vez que solicitan a autorización, o documento técnico que defina adecuadamente estas obras e instalacións. Cando as augas cedidas se vaian destinar ó abastecemento de poboacións, presentarase tamén informe da autoridade sanitaria sobre a idoneidade da auga para o dito uso.

4. A autorización do contrato de cesión non implicará por si mesma a autorización para o uso ou construción de infraestructuras a que se refire este artigo.

A resolución do organismo de bacía sobre o uso ou construción de infraestructuras a que se refire o parágrafo anterior será independente da decisión que adopte sobre a autorización ou non do contrato de cesión, e non se aplicarán a ela os prazos a que se refire o artigo 68 punto 2.

Artigo 71. Centros de intercambio de dereitos.

1. Nas situacións reguladas nos artigos 55, 56 e 58 desta lei, e naquelas outras que regulamentariamente se determinen por concorreren causas análogas, poderanse constituír centros de intercambio de dereitos de uso da auga mediante acordo do Consello de Ministros, por proposta do ministro de Medio Ambiente. Neste caso, os organismos de bacía quedarán autorizados para realizar ofertas públicas de adquisición de dereitos de uso da auga para posteriormente cedelos a outros usuarios mediante o prezo que o propio organismo oferte. A contabilidade e o rexistro das operacións que se realicen ó abeiro deste precepto levaranse separadamente respecto ó resto de actos en que poidan intervir os organismos de bacía.

2. As comunidades autónomas poderán instar os organismos de bacía a realiza-las adquisicións a que se refire o punto anterior para atender fins concretos de interese autonómico no ámbito das súas competencias.

3. As adquisicións e alleamentos do dereito ó uso da auga que se realicen conforme este artigo deberán respectar os principios de publicidade e libre concorrencia e levaranse a cabo conforme o procedemento e os criterios de selección que regulamentariamente se determinen.

Artigo 72. Infraestructuras de conexión interbacías.

Só se poderán usar infraestructuras que interconecten territorios de distintos plans hidrolóxicos de bacía para transaccións reguladas nesta sección se o Plan Hidrolóxico Nacional ou as leis singulares reguladoras de cada transvasamento así o previren. Neste caso, a competencia para autoriza-lo uso destas infraestructuras e o contrato de cesión corresponderalle ó Ministerio de Medio Ambiente, entendéndose desestimadas as solicitudes de cesión unha vez transcorridos os prazos previstos sen se ter notificado resolución administrativa.

SECCIÓN 3.^a DESCUBRIMIENTO E UTILIZACIÓN DE AUGAS
SUBTERRÁNEAS

Artigo 73. *Preferencia para o outorgamento de autorizacións de investigación de augas subterráneas.*

Os propietarios dos terreos afectados polas peticións de investigación de augas subterráneas gozarán de preferencia para o outorgamento da autorización dentro da mesma orde de prelación a que se refire o artigo 60.

Artigo 74. *Autorizacións para investigación de augas subterráneas.*

1. O organismo de bacía poderá outorgar autorizacións para investigación de augas subterráneas, co fin de determina-la existencia de leitos aproveitables, logo do trámite de competencia entre os proxectos de investigación concorrentes que puideran presentarse.

2. O prazo da autorización non poderá exceder de dous anos e o seu outorgamento levará implícita a declaración de utilidade pública para efectos da ocupación temporal dos terreos necesarios para a realización dos labores.

3. Se a investigación fora favorable, o interesado deberá, nun prazo de seis meses, formaliza-la petición de concesión, que se tramitará sen competencia de proxectos.

Artigo 75. *Determinación do lugar de localización das instalacións.*

Cando o concesionario non sexa propietario do terreo no que se realice a captación e o aproveitamento fose declarado de utilidade pública, o organismo de bacía determinará o lugar de localización das instalacións, co fin de que sexan mínimos os posibles prexuízos, a indemnización dos cales se fixará de acordo coa lexislación de expropiación forzosa.

Artigo 76. *Afección a captacións anteriores.*

Na falta de plan hidrolóxico de bacía, ou de definición suficiente nel, a Administración concedente considerará para o outorgamento de concesións de augas subterráneas a súa posible afección a captacións anteriores legalizadas, debendo, en todo caso, o titular da nova concesión indemniza-los prexuízos que puideran causarse ós aproveitamentos preexistentes, como consecuencia do acondicionamento das obras e instalacións que sexa necesario efectuar para asegura-la dispoñibilidade dos caudais anteriormente explotados.

SECCIÓN 4.^a OUTRAS AUTORIZACIÓNS E CONCESIÓN

Artigo 77. *Aproveitamento dos leitos ou bens situados neles.*

1. A utilización ou aproveitamento polos particulares dos leitos ou dos bens situados neles requirirá a previa concesión ou autorización administrativa.

2. No outorgamento de concesións ou autorizacións para aproveitamentos de areas, pastos e vexetación arbórea ou arbustiva, establecemento de pontes ou pasarelas, embarcadoiros e instalacións para baños públicos, considerarase a posible incidencia ecolóxica desfavorable, debendo esixirse as adecuadas garantías para a restitución do medio.

3. A incoación dos expedientes sobre aproveitamentos de areas notificaráselles ós órganos responsables do dominio público marítimo terrestre da mesma bacía para que estes poidan optar polo seu uso na rexeneración do litoral que sempre será preferente sobre calquera outro posible uso privativo.

Artigo 78. *Navegación recreativa en encoros.*

As autorizacións para navegación recreativa en encoros condicionaranse atendendo ós usos previstos para as augas almacenadas, protexendo a súa calidade e limitando o acceso ás zonas de derivación ou desaugamento segundo regulamentariamente se especifique.

SECCIÓN 5.^a PROCEDEMENTO

Artigo 79. *Procedemento para outorgar concesións e autorizacións.*

1. A duración das concesións e autorizacións, os supostos e requisitos para a súa declaración de utilidade pública, así como o procedemento para a súa tramitación serán establecidos regulamentariamente.

2. O procedemento ordinario de outorgamento de concesións axustarase ós principios de publicidade e tramitación en competencia, preferíndose, en igualdade de condicións, aqueles que proxecten a máis racional utilización da auga e unha mellor protección do seu contorno. O principio de competencia poderá eliminarse cando se trate de abastecemento de auga a poboacións.

3. Para as concesións de escasa importancia pola súa contía, incluídas as destinadas a aproveitamentos hidroeléctricos de pequena potencia, estableceranse regulamentariamente procedementos simplificados acordes coas súas características.

4. No caso de concesións e autorizacións en materia de regadíos ou outros usos agrarios, será preceptivo un informe da correspondente comunidade autónoma e do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación en relación coas materias propias da súa competencia, e en especial, respecto á súa posible afección ós plans de actuación existentes.

SECCIÓN 6.^a REXISTRO DE AUGAS

Artigo 80. *Características do rexistro de augas.*

1. Os organismos de bacía levarán un rexistro de augas no que se inscribirán de oficio as concesións de auga, así como os cambios autorizados que se produzan na súa titularidade ou nas súas características. A organización e normas de funcionamento do rexistro de augas serán fixadas por vía regulamentaria.

2. O rexistro de augas terá carácter público, podendo solicitarse do organismo de bacía as oportunas certificacións sobre o seu contido.

3. Os titulares de concesións de augas inscritas no rexistro correspondente poderán solicita-la intervención do organismo de bacía competente en defensa dos seus dereitos, de acordo co contido da concesión e do establecido na lexislación en materia de augas.

4. A inscrición rexistral será medio de proba da existencia e situación da concesión.

CAPÍTULO IV

Das comunidades de usuarios

Artigo 81. *Obriga de constituír comunidades de usuarios.*

1. Os usuarios da auga e outros bens do dominio público hidráulico dunha mesma toma ou concesión deberán constituírse en comunidades de usuarios. Cando o destino dado ás augas fose principalmente a rega, denominaranse comunidades de regantes; noutro caso, as comunidades recibirán o cualificativo que caracterice o destino do aproveitamento colectivo.

Os estatutos ou ordenanzas serán redactados e aprobados polos propios usuarios, e deberán ser sometidos, para a súa aprobación administrativa, ó organismo de bacía.

Os estatutos ou ordenanzas regularán a organización das comunidades de usuarios, así como a explotación en réxime de autonomía interna dos bens hidráulicos inherentes ó aproveitamento.

O organismo de bacía non poderá denegar a aprobación dos estatutos e ordenanzas, nin introducir variantes neles, sen dictame previo do Consello de Estado.

2. As comunidades de usuarios de augas superficiais ou subterráneas, a utilización das cales afecte a intereses que lles sexan comúns, poderán formar unha comunidade xeral para a defensa dos seus dereitos e conservación e fomento dos ditos intereses.

3. Do mesmo modo, os usuarios individuais e as comunidades de usuarios, poderán formar por convenio unha xunta central de usuarios coa finalidade de protexer os seus dereitos e intereses fronte a terceiros e ordenar e vixiar o uso coordinado dos seus propios aproveitamentos.

4. O organismo de bacía poderá impor, cando o interese xeral o exixa, a constitución dos distintos tipos de comunidades e xuntas centrais de usuarios.

5. Cando a modalidade ou as circunstancias e características do aproveitamento o aconsellen, ou cando o número de partícipes sexa reducido, o réxime de comunidade poderá ser substituído polo que se estableza en convenios específicos, que deberán ser aprobados polo organismo de bacía.

Artigo 82. *Natureza e réxime xurídico das comunidades de usuarios.*

1. As comunidades de usuarios teñen o carácter de corporacións de dereito público, adscritas ó organismo de bacía, que velará polo cumprimento dos seus estatutos ou ordenanzas e pola boa orde do aproveitamento. Actuarán conforme os procedementos establecidos nesta lei, nos seus regulamentos e nos seus estatutos e ordenanzas, de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. Os estatutos e ordenanzas das comunidades de usuarios incluírán a finalidade e o ámbito territorial da utilización dos bens do dominio público hidráulico, regularán a participación e representación obrigatoria, en relación cos seus respectivos intereses, dos titulares actuais e sucesivos de bens e servizos e dos participantes no uso da auga; e obrigarán a que tódolos titulares contribúan a satisfacer en equitativa proporción os gastos comúns de explotación, conservación, reparación e mellora, así como os canons e tarifas que correspondan. Os estatutos e ordenanzas das comunidades, en canto acordados pola súa xunta xeral, establecerán as previsións correspondentes ás infraccións e sancións que poidan ser impostas polo xurado de acordo co costume e o procedemento propios deles, garantindo os dereitos de audiencia e de defensa dos afectados.

3. As comunidades xerais e as xuntas centrais de usuarios compóñense de representantes dos usuarios interesados. As súas ordenanzas e regulamentos deberán ser aprobados polo organismo de bacía.

4. As comunidades de usuarios que carezan de ordenanzas estarán obrigadas a presentalas para a súa aprobación no prazo que regulamentariamente se estableza. En caso de incumprimento, o organismo de bacía poderá establecer as que considere procedentes logo do dictame do Consello de Estado.

Artigo 83. *Facultades das comunidades de usuarios.*

1. As comunidades de usuarios poderán executar por si mesmas e con cargo ó usuario, os acordos incumplidos que impoñan unha obriga de facer. O custo da execución subsidiaria será esixible pola vía administrativa de constrinximento. Quedarán exceptuadas do réxime anterior aquelas obrigas que revistan un carácter persoalísimo.

2. As comunidades de usuarios serán beneficiarias da expropiación forzosa e da imposición das servidumes que esixan os seus aproveitamentos e o cumprimento dos seus fins.

3. As comunidades de usuarios estarán obrigadas a realiza-las obras e instalacións que a Administración lles ordene, co fin de evita-lo mal uso da auga ou a deterioración do dominio público hidráulico, podendo o organismo de bacía competente suspender a utilización da auga ata que aquelas se realicen.

4. As débedas á comunidade de usuarios por gasto de conservación, limpeza ou melloras, así como calquera outra motivada pola administración e distribución das augas, gravarán o predio ou industria a prol do cal se realizaron, podendo a comunidade de usuarios esixilo seu importe pola vía administrativa de constrinximento, e prohibilo uso da auga mentres non se satisfagan, aínda cando o predio ou industria cambiase de dono. O mesmo criterio seguirase cando a débeda proveña de multas e indemnizacións impostas polos tribunais ou xurados de rega.

Artigo 84. *Órganos das comunidades de usuarios.*

1. Toda comunidade de usuarios terá unha xunta xeral ou asemblea, unha xunta de goberno e un ou varios xurados.

2. A xunta xeral, constituída por tódolos usuarios da comunidade, é o órgano soberano dela, correspondéndolle tódalas facultades non atribuídas especificamente a algún outro órgano.

3. A xunta de goberno, elixida pola xunta xeral, é a encargada da execución das ordenanzas e dos acordos propios e dos adoptados pola xunta xeral.

4. Serán atribucións da xunta de goberno:

a) Vixiar e xestionar os intereses da comunidade, promover o seu desenvolvemento e defender os seus dereitos.

b) Dictar as disposicións convenientes para a mellor distribución das augas, respectando os dereitos adquiridos e os costumes locais.

c) Someter á aprobación da xunta a modificación das ordenanzas ou calquera outra proposta que coide oportuno.

d) Executar no ámbito das súas competencias as funcións que lle sexan atribuídas polas leis ou que poidan asumir en virtude dos convenios que subscriban co organismo de bacía.

5. Os acordos da xunta xeral e da xunta de goberno, no ámbito das súas competencias, serán executivos, na forma e cos requisitos establecidos na Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, sen prexuízo da súa posible impugnación en alzada ante o organismo de bacía.

6. O xurado correspóndelle coñecer as cuestións de feito que se susciten entre os usuarios da comunidade no ámbito das ordenanzas e imporlles ós infractores as sancións regulamentarias, así como fixar as indemnizacións que poidan derivarse da infracción.

Os procedementos serán públicos e verbais na forma que determine o costume e o regulamento. Os seus fallos serán executivos.

Artigo 85. Pervivencia de organizacións tradicionais.

Os aproveitamentos colectivos, que ata agora tivesen un réxime consignado en ordenanzas debidamente aprobadas, continuarán suxeitos a estas mentres os usuarios non decidan a súa modificación de acordo con elas.

Do mesmo modo, alí onde existan xurados ou tribunais de rega, calquera que sexa a súa denominación peculiar, continuarán coa súa organización tradicional.

Artigo 86. Titularidade das obras que integran o aproveitamento.

A titularidade das obras que son parte integrante do aproveitamento da comunidade de usuarios quedará definida no propio título que faculte para a súa construción e utilización.

Artigo 87. Comunidades de usuarios de unidades hidroxeolóxicas e de acuíferos.

1. Os usuarios dunha mesma unidade hidroxeolóxica ou dun mesmo acuífero estarán obrigados, a requirimento do organismo de bacía, a constituír unha comunidade de usuarios, correspondéndolle ó dito organismo, por instancia de parte ou de oficio, determina-los seus límites e establece-lo sistema de utilización conxunta das augas.

2. Nos acuíferos declarados sobreexplotados ou en risco de estalo en aplicación do número 1 do artigo 56 desta lei, será obrigatoria a constitución dunha comunidade de usuarios. Se transcorridos seis meses desde a data da declaración de sobreexplotación non se constituíse a comunidade de usuarios, o organismo de bacía constituíraa de oficio, ou encomendará as súas funcións con carácter temporal a un órgano representativo dos intereses concorrentes.

3. Os organismos de bacía poderán subscribir convenios coas comunidades de usuarios de augas subterráneas, co obxecto de establece-la colaboración destas nas funcións de control efectivo do réxime de explotación e respecto ós dereitos sobre as augas. Nestes convenios poderá preverse, entre outras cousas, a substitución das captacións de augas subterráneas preexistentes por captacións comunitarias, así como o apoio económico e técnico do organismo de bacía á comunidade de usuarios para o cumprimento dos termos do convenio.

Artigo 88. Comunidades de aproveitamento conxunto de augas superficiais e subterráneas.

O organismo de bacía poderá obrigar á constitución de comunidades que teñan por obxecto o aproveitamento conxunto de augas superficiais e subterráneas, cando así o aconselle a mellor utilización dos recursos dunha mesma zona.

Artigo 89. Requisitos para o abastecemento a varias poboacións.

1. O outorgamento das concesións para abastecemento a varias poboacións estará condicionado a que as corporacións locais estean constituídas para estes efectos en mancomunidades, consorcios ou outras entidades semellantes, de acordo coa lexislación pola que se rexan, ou a que todas elas reciban a auga a través dunha mesma empresa concesionaria.

2. Con independencia do seu especial estatuto xurídico, o consorcio ou comunidade de que se trate elaborará as ordenanzas previstas no artigo 81.

Artigo 90. Comunidades de usuarios de verteduras.

As entidades públicas, corporacións ou particulares que teñan necesidade de verter auga ou produtos residuais, poderán constituírse en comunidade para levar a cabo o estudio, construción, explotacións e mellora de colectores, estacións depuradoras e elementos comúns que lles permitan efectua-la vertedura no lugar máis idóneo e nas mellores condicións técnicas e económicas, considerando a necesaria protección do contorno natural. O organismo de bacía poderá impor xustificadamente a constitución desta clase de comunidades de usuarios.

Artigo 91. Outras comunidades de usuarios. Normas de aplicación.

As disposicións contidas nos artigos anteriores poderán ser aplicadas a outros tipos de comunidades non mencionadas expresamente, e, entre elas, ás de drenaxe ou ás que se constituían para a construción, conservación e mellora de obras de defensa contra as augas.

TÍTULO V**Da protección do dominio público hidráulico e da calidade das augas continentais****CAPÍTULO I****Normas xerais****Artigo 92. Obxectivos da protección.**

Son obxectivos da protección do dominio público hidráulico:

- a) Previ-la deterioración do estado ecolóxico e a contaminación das augas para alcanzar un bo estado xeral.
- b) Establecer programas de control de calidade en cada bacía hidrográfica.
- c) Impedi-la acumulación de compostos tóxicos ou perigosos no subsolo, capaces de contamina-las augas subterráneas.
- d) Evitar calquera outra acumulación que poida ser causa de degradación do dominio público hidráulico.
- e) Recupera-los sistemas acuáticos asociados ó dominio público hidráulico.

Regulamentariamente, estableceranse os niveis de calidade correspondentes ós estados indicados na alínea a) e os prazos para alcanzalos.

Artigo 93. Concepto de contaminación.

Enténdese por contaminación, para os efectos desta lei, a acción e o efecto de introducir materias ou formas de enerxía, ou inducir condicións na auga que, de modo directo ou indirecto, impliquen unha alteración prexudicial da súa calidade en relación cos usos posteriores ou coa súa función ecolóxica.

O concepto de degradación do dominio público hidráulico para efectos desta lei, inclúe as alteracións prexudiciais do contorno afecto ó dito dominio.

Artigo 94. Policía de augas.

A policía das augas superficiais subterráneas e dos seus leitos e depósitos naturais, zonas de servidume e perímetros de protección será exercida pola Administración hidráulica competente.

Artigo 95. Apeo e deslinde dos leitos de dominio público.

1. O apeo e deslinde dos leitos de dominio público correspóndelle á Administración do Estado, que os efec-

tuará por medio dos organismos de bacía, segundo o procedemento que regulamentariamente se determine.

2. O deslinde aprobado declara a posesión e a titularidade dominical a favor do Estado, dando lugar á marcaxe.

3. A resolución de aprobación do deslinde será título suficiente para rectificá-las inscricións do Rexistro da Propiedade contradictorias con este, na forma e condicións que se determinen regulamentariamente, sempre que interviñese no expediente o titular rexistral, conforme a lexislación hipotecaria. Esta resolución será título suficiente, así mesmo, para que a Administración proceda á inmatriculación dos bens de dominio público cando o considere conveniente. En todo caso os titulares dos dereitos inscritos afectados poderán exercer-las accións que coiden pertinentes en defensa dos seus dereitos, sendo susceptible de anotación preventiva a correspondente reclamación xudicial.

Artigo 96. Zona de servidume e policía en encoros superficiais, lagos e lagoas.

1. Arredor dos encoros superficiais, o organismo de bacía poderá prever nos seus proxectos as zonas de servidume, necesarias para a súa explotación.

2. En todo caso, as marxes de lagos, lagoas e encoros quedarán suxeitas ás zonas de servidume e policía fixadas para as correntes de auga.

Artigo 97. Actuacións contaminantes prohibidas.

Queda prohibida, con carácter xeral, e sen prexuízo do disposto no artigo 100, toda actividade susceptible de provoca-la contaminación ou degradación do dominio público hidráulico, e, en particular:

a) Acumular residuos sólidos, entullo ou substancias, calquera que sexa a súa natureza e o lugar en que se depositen, que constitúan ou poidan constituír un perigo de contaminación das augas ou de degradación do seu contorno.

b) Efectuar accións sobre o medio físico ou biolóxico afecto á auga, que constitúan ou poidan constituír unha degradación del.

c) O exercicio de actividades dentro dos perímetros de protección, fixados nos plans hidrolóxicos, cando puideran constituír un perigo de contaminación ou degradación do dominio público hidráulico.

Artigo 98. Limitacións ambientais ás autorizacións e concesións.

Os organismos de bacía, nas concesións e autorizacións que outorguen, adoptarán as medidas necesarias para facer compatible o aproveitamento co respecto do ambiente e garanti-los caudais ecolóxicos ou demandas ambientais previstas na planificación hidrolóxica.

Na tramitación de concesións e autorizacións que afecten o dominio público hidráulico que puideran implicar riscos para o ambiente, será preceptiva a presentación dun informe sobre os posibles efectos nocivos para o medio, do que se dará traslado ó órgano ambiental competente para que se pronuncie sobre as medidas correctoras que, ó seu xuízo, deban introducirse como consecuencia do informe presentado. Sen prexuízo dos supostos en que resulte obrigatorio, conforme o previsto na normativa vixente, nos casos en que o organismo de bacía presuma a existencia dun risco grave para o ambiente, someterá igualmente á consideración do órgano ambiental competente a conveniencia de inicia-lo procedemento de avaliación de impacto ambiental.

Artigo 99. Protección de augas subterráneas.

A protección das augas subterráneas fronte a intrusionas de augas salinas, de orixe continental ou marítima, realizarase, entre outras accións, mediante a limitación da explotación dos acuíferos afectados e, se é o caso, a redistribución espacial das captacións existentes. Os criterios básicos para iso serán incluídos nos plans hidrolóxicos de bacía, correspondéndolle ó organismo de bacía a adopción das medidas oportunas.

CAPÍTULO II

Das verteduras

Artigo 100. Concepto.

1. Para os efectos desta lei, consideraranse verteduras as que se realicen directa ou indirectamente nas augas continentais, así como no resto do dominio público hidráulico, calquera que sexa o procedemento ou técnica utilizada. Queda prohibido, con carácter xeral, a vertedura directa ou indirecta de augas e de produtos residuais susceptibles de contamina-las augas continentais ou calquera outro elemento do dominio público hidráulico, salvo que se conte coa previa autorización administrativa.

2. A autorización de vertedura terá como obxecto a consecución do bo estado ecolóxico das augas, de acordo coas normas de calidade, os obxectivos ambientais e as características de emisión e inmisión establecidas regulamentariamente en aplicación desta lei. Esas normas e obxectivos poderán ser concretados para cada bacía polo respectivo plan hidrolóxico.

Por bo estado ecolóxico das augas enténdese aquel que se determina a partir de indicadores de calidade biolóxica, fisicoquímicos e hidromorfolóxicos, inherentes ás condicións naturais de calquera ecosistema hídrico, na forma e cos criterios de avaliación que regulamentariamente se determinen.

3. Cando se outorgue unha autorización ou se modifiquen as súas condicións, poderán establecerse prazos e programas de redución da contaminación para a progresiva adecuación das características das verteduras ós límites que nela se fixen.

4. A autorización de vertedura non exime de calquera outra que sexa necesaria, conforme a outras leis para a actividade ou instalación de que se trate.

Artigo 101. Autorización de vertedura.

1. As autorizacións de verteduras establecerán as condicións en que deben realizarse, na forma que regulamentariamente se determine.

En todo caso, deberán especifica-las instalacións de depuración necesarias e os elementos de control do seu funcionamento, así como os límites cuantitativos e cualitativos que se impoñan á composición do efluente e o importe do canon de control da vertedura definido no artigo 113.

2. As autorizacións de vertedura terán un prazo máximo de vixencia de cinco anos, renovables sucesivamente, sempre que cumpran as normas de calidade e obxectivos ambientais esixibles en cada momento. En caso contrario, poderán ser modificadas ou revogadas de acordo co disposto nos artigos 104 e 105.

3. Para efectos do outorgamento, renovación ou modificación das autorizacións de vertedura o solicitante acreditará ante a Administración hidráulica competente, nos termos que regulamentariamente se establezan, a adecuación das instalacións de depuración e os elementos de control do seu funcionamento, ás normas e obxec-

tivos de calidade das augas. Así mesmo, coa periodicidade e nos prazos que regulamentariamente se establezan, os titulares de autorizacións de vertedura deberán acreditar ante a Administración hidráulica as condicións en que verteren.

Os datos que hai que acreditar ante a Administración hidráulica, conforme este punto, poderán ser certificados polas entidades que se homologuen para tal efecto, conforme o que regulamentariamente se determine.

4. As solicitudes de autorizacións de vertedura das entidades locais conterán, en todo caso, un plan de saneamento e control de verteduras a colectores municipais. As entidades locais estarán obrigadas a informar á Administración hidráulica sobre a existencia de verteduras nos colectores locais de substancias tóxicas e perigosas reguladas pola normativa sobre calidade das augas.

Artigo 102. *Autorización de vertedura en acuíferos e augas subterráneas.*

Cando a vertedura poida dar lugar á infiltración ou almacenamento de substancias susceptibles de contaminar os acuíferos ou as augas subterráneas, só poderá autorizarse se o estudo hidroxoloxico previo demostrase a súa inocuidade.

Artigo 103. *Limitacións ás actuacións industriais contaminantes.*

As autorizacións administrativas sobre establecemento, modificación ou traslado de instalacións ou industrias que orixinen ou poidan orixinar verteduras, outorgaranse condicionadas á obtención da correspondente autorización de vertedura.

O Goberno poderá prohibir, en zonas concretas, aquelas actividades e procesos industriais dos que os efluentes, a pesar do tratamento a que sexan sometidos, poidan constituír risco de contaminación grave para as augas, ben sexa no seu funcionamento normal ou en caso de situacións excepcionais previsibles.

Artigo 104. *Revisión das autorizacións de vertedura.*

1. O organismo de bacía poderá revisar as autorizacións de vertedura nos seguintes casos:

- a) Cando sobreveñan circunstancias que, de existiren anteriormente, terían xustificando a súa denegación ou o outorgamento en termos distintos.
- b) Cando se produza unha mellora nas características da vertedura e así o solicite o interesado.
- c) Para adecuala vertedura ás normas e obxectivos de calidade das augas que sexan aplicables en cada momento e, en particular, ás que para cada río, tramo de río, acuífero ou masa de auga dispoñan os plans hidrolóxicos de bacía.

2. En casos excepcionais, por razóns de seca ou en situacións hidrolóxicas extremas, os organismos de bacía poderán modificar, con carácter xeral, as condicións de vertedura co fin de garanti-los obxectivos de calidade.

Artigo 105. *Verteduras non autorizadas.*

1. Comprobada a existencia dunha vertedura non autorizada, ou que non cumpra as condicións da autorización, o organismo de bacía realizará as seguintes actuacións:

- a) Incoar un procedemento sancionador e de determinación do dano causado á calidade das augas.

- b) Liquidará o canon de control de vertedura, de conformidade co establecido no artigo 113.

2. Complementariamente, o organismo de bacía poderá acorda-la iniciación dos seguintes procedementos:

- a) De revogación da autorización de vertedura, cando a houber, para o caso de incumprimento dalgunha das súas condicións.
- b) De autorización da vertedura, se non a houber, cando esta sexa susceptible de legalización.
- c) De declaración de caducidade da concesión de augas nos casos especialmente cualificados de incumprimento das condicións ou de inexistencia de autorización, dos que resulten danos moi graves no dominio público hidráulico.

3. As revogacións e declaracións de caducidade acordadas conforme o apartado anterior non darán dereito a indemnización.

Artigo 106. *Suspensión de actividades que orixinan verteduras non autorizadas.*

O Goberno, no ámbito das súas competencias, poderá ordena-la suspensión das actividades que dean orixe a verteduras non autorizadas, de non estimar máis procedente adopta-las medidas precisas para a súa corrección, sen prexuízo da responsabilidade civil, penal ou administrativa en que puidesen incorre-los causantes destes.

Artigo 107. *Explotación de depuradoras polo organismo de bacía.*

O organismo de bacía poderá facerse cargo directa ou indirectamente, por razóns de interese xeral e con carácter temporal, da explotación das instalacións de depuración de augas residuais, cando non fose procedente a paralización das actividades que producen a vertedura e se derivasen graves inconvenientes do incumprimento das condicións autorizadas.

Neste suposto, o organismo de bacía reclamará do titular da autorización, incluso por vía de constrinximento:

- a) As cantidades necesarias para modificar ou acondiciona-las instalacións nos termos previstos na autorización.
- b) Os gastos de explotación, mantemento e conservación das instalacións.

Artigo 108. *Empresas de vertedura.*

Poderán constituírse empresas de vertedura para conducir, tratar e verter augas residuais de terceiros. As autorizacións de vertedura que ó seu favor se outorguen, incluírán, ademais das condicións esixidas con carácter xeral, as seguintes:

- a) As de admisibilidade das verteduras que van ser tratadas pola empresa.
- b) As tarifas máximas e o procedemento da súa actualización periódica.
- c) A obriga de constituír unha fianza para responder da continuidade e eficacia dos tratamentos.

A contía da fianza e os efectos que se deriven da revogación da autorización serán determinados regulamentariamente.

CAPÍTULO III

Da reutilización de augas depuradas

Artigo 109. *Réxime xurídico da reutilización.*

1. O Goberno establecerá as condicións básicas para a reutilización das augas, precisando a calidade esixible ás augas depuradas segundo os usos previstos.

2. A reutilización das augas procedentes dun aproveitamento requirirá concesión administrativa como norma xeral. Sen embargo, no caso de que a reutilización fose solicitada polo titular dunha autorización de vertedura de augas xa depuradas, requirirase soamente unha autorización administrativa, na cal se establecerán as condicións necesarias complementarias das recollidas na previa autorización de vertedura.

3. Calquera persoa física ou xurídica que obtivese unha concesión de reutilización de augas, poderá subrogarse por vía contractual na titularidade da autorización de vertedura daquelas augas, con asunción das obrigas que esta implique, incluídas a depuración e a satisfacción do canon de control de vertedura. Estes contratos deberán ser autorizados polo correspondente organismo de bacía, para os efectos do cambio de titular da autorización de vertedura. No caso de que a concesión se outorgase respecto a augas efluentes dunha planta de depuración, as relacións entre o titular desta e o daquela concesión serán reguladas igualmente mediante un contrato que deberá ser autorizado polo correspondente organismo de bacía.

4. As persoas físicas ou xurídicas que asuman as obrigas a que se refire o punto anterior, poderán solicita-la modificación da autorización de vertedura previamente existente, co fin de adaptala ás novas condicións de vertedura. Para a súa revisión terase en consideración o volume e a calidade do efluente que se verta ó dominio público hidráulico trala reutilización.

5. En todo caso, a vertedura final das augas reutilizadas acomodarse ó previsto nesta lei.

CAPÍTULO IV

Dos auxilios do Estado

Artigo 110. *Axudas do Estado para actividades que melloren a calidade das augas.*

Determinaranse regulamentariamente as axudas que poderán concederse ós que procedan ó desenvolvemento, implantación ou modificacións de tecnoloxías, procesos, instalacións ou equipos, así como a cambios na explotación, que signifiquen unha diminución nos usos e consumos de auga ou ben unha menor achega en orixe de cargas contaminantes ás augas utilizadas. Así mesmo, poderán concederse axudas ós que realicen plantacións forestais, que teñan como obxectivo a protección dos recursos hidráulicos.

Estas axudas estenderanse ós que procedan á potabilización e desalinización de augas e á depuración de augas residuais, mediante procesos ou métodos máis adecuados, á implantación de sistemas de reutilización de augas residuais, ou desenvolvan actividades de investigación nestas materias.

CAPÍTULO V

Das zonas húmidas

Artigo 111. *Concepto e características.*

1. As zonas pantanosas ou encharcadizas, incluso as creadas artificialmente, terán a consideración de zonas húmidas.

2. A delimitación das zonas húmidas efectuarase de acordo coa correspondente lexislación específica.

3. Toda actividade que afecte a tales zonas requirirá autorización ou concesión administrativa.

4. Os organismos de bacía e a Administración ambiental competente coordinarán as súas actuacións para a conservación, a protección eficaz, a xestión sustentable e a recuperación das zonas húmidas, especialmente daquelas que posúan un interese natural ou paisaxístico.

5. Os organismos de bacía poderán promover a declaración de determinadas zonas húmidas como de especial interese para a súa conservación e protección, de acordo coa lexislación ambiental.

6. Así mesmo, os organismos de bacía, logo do informe favorable dos órganos competentes en materia de ambiente, poderán promover a desecación daquelas zonas húmidas, declaradas insalubres ou o saneamento das cales se considere de interese público.

TÍTULO VI

Do réxime económico-financieiro da utilización do dominio público hidráulico

Artigo 112. *Canon de utilización dos bens do dominio público hidráulico.*

1. A ocupación, utilización e aproveitamento dos bens do dominio público hidráulico incluídos nas alíneas b) e c) do artigo 2 desta lei, que requiran concesión ou autorización administrativa, devengarán a favor do organismo de bacía competente unha taxa denominada canon de utilización de bens do dominio público hidráulico, destinada á protección e mellora do dito dominio. Os concesionarios de augas estarán exentos do pagamento do canon pola ocupación ou utilización dos terreos de dominio público necesarios para levar a cabo a concesión.

2. O devengo da taxa producirase co outorgamento inicial e o mantemento anual da concesión ou autorización e será esixible na contía que corresponda e nos prazos que se sinalen nas condicións da dita concesión ou autorización.

3. Serán suxeitos pasivos do canon os concesionarios ou persoas autorizadas ou, se é o caso, os que se subroguen en lugar daqueles.

4. A base imponible da exacción será determinada polo organismo de bacía segundo os seguintes supostos:

a) No caso de ocupación de terreos do dominio público hidráulico, polo valor do terreo ocupado tomando como referencia o valor de mercado dos terreos contiguos.

b) No caso de utilización do dominio público hidráulico, polo valor da dita utilización ou do beneficio obtido con ela.

c) No caso de aproveitamento de bens do dominio público hidráulico, polo valor dos materiais consumidos ou a utilidade que reporte este aproveitamento.

5. O tipo de gravame anual será do 5 por 100 nos supostos previstos nas alíneas a) e b) do punto anterior, e do 100 por 100 no suposto da alínea c), que se aplicarán sobre o valor da base imponible resultante en cada caso.

6. No suposto de bacías intercomunitarias este canon será recadado polo organismo de bacía ou ben pola Administración tributaria do Estado, en virtude de convenio con aquel. Neste segundo caso a Axencia Estatal da Administración Tributaria recibirá do organismo

de bacía os datos e censos pertinentes que faciliten a súa xestión, e informará periodicamente a este na forma que se determine por vía regulamentaria. O canon recadado será posto á disposición do organismo de bacía correspondente.

Artigo 113. *Canon de control de verteduras.*

1. As verteduras ó dominio público hidráulico estarán gravadas cunha taxa destinada ó estudo, control, protección e mellora do medio receptor de cada bacía hidrográfica, que se denominará canon de control de verteduras.

2. Serán suxeitos pasivos do canon de control de verteduras, os que leven a cabo a vertedura.

3. O importe do canon de control de verteduras será o produto do volume de vertedura autorizado polo prezo unitario de control de vertedura. Este prezo unitario calcularase multiplicando o prezo básico por metro cúbico por un coeficiente de maioración ou minoración, que se establecerá regulamentariamente en función da natureza, características e grao de contaminación da vertedura, así como pola maior calidade ambiental do medio físico no que se verte.

O prezo básico por metro cúbico fíxase en 0,01202 euros (2 pesetas) para a auga residual urbana e en 0,03005 euros (5 pesetas) para a auga residual industrial. Estes prezos básicos poderán revisarse periodicamente nas leis de orzamentos xerais do Estado.

O coeficiente de maioración do prezo básico non poderá ser superior a 4.

4. O canon de control de verteduras devengarase o 31 de decembro, coincidindo o período impositivo cun ano natural, excepto o exercicio en que se produza a autorización da vertedura ou o seu cesamento, neste caso, calcularase o canon proporcionalmente ó número de días de vixencia da autorización en relación co total do ano. Durante o primeiro trimestre de cada ano natural, deberá liquidarse o canon correspondente ó ano anterior.

5. No suposto de bacías intercomunitarias este canon será recadado polo organismo de bacía ou ben pola Administración tributaria do Estado, en virtude de convenio con aquel. Neste segundo caso a Axencia Estatal da Administración Tributaria recibirá do organismo de bacía os datos e censos pertinentes que faciliten a súa xestión, e informará periodicamente a este na forma que se determine por vía regulamentaria. O canon recadado será posto á disposición do organismo de bacía correspondente.

6. Cando se comprobe a existencia dunha vertedura, o responsable da careza da autorización administrativa a que se refire o artigo 100, con independencia da sanción que corresponda, o organismo de bacía liquidará o canon de control de verteduras polos exercicios non prescritos, calculando o seu importe por procedementos de estimación indirecta conforme o que regulamentariamente se estableza.

7. O canon de control de verteduras será independente dos canons ou taxas que poidan establecerse nas comunidades autónomas ou corporacións locais para financiar as obras de saneamento e depuración.

Artigo 114. *Canon de regulación e tarifa de utilización da auga.*

1. Os beneficiados polas obras de regulación das augas superficiais ou subterráneas, financiadas total ou parcialmente con cargo ó Estado, satisfarán un canon de regulación destinado a compensalos custos do investimento que soporte a Administración estatal e atende-los gastos de explotación e conservación de tales obras.

2. Os beneficiados por outras obras hidráulicas específicas financiadas total ou parcialmente a cargo do Estado, incluídas as de corrección da deterioración do dominio público hidráulico, derivado da súa utilización, satisfarán pola dispoñibilidade ou uso da auga unha exacción denominada "tarifa de utilización da auga", destinada a compensalos custos de investimento que soporte a Administración estatal e a atende-los gastos de explotación e conservación de tales obras.

3. A contía de cada unha das exaccións fixarase, para cada exercicio orzamentario, sumando as seguintes cantidades:

a) O total previsto de gastos de funcionamento e conservación das obras realizadas.

b) Os gastos de administración do organismo xestor imputables ás ditas obras.

c) O 4 por 100 do valor dos investimentos realizados polo Estado, debidamente actualizado, tendo en conta a amortización técnica das obras e instalacións e a depreciación da moeda, na forma que regulamentariamente se determine.

4. A distribución individual do dito importe global, entre tódolos beneficiados polas obras, realizarase de acordo con criterios de racionalización do uso da auga, equidade na repartición das obrigas e autofinanciamento do servizo, na forma que regulamentariamente se determine.

5. No suposto de bacías intercomunitarias as exaccións previstas neste artigo serán xestionadas e recadadas polo organismo de bacía ou ben pola Administración tributaria do Estado, en virtude de convenio con aquel. Neste segundo caso, a Axencia Estatal da Administración tributaria recibirá do organismo de bacía os datos e censos pertinentes que faciliten a súa xestión, e informará periodicamente a este na forma que se determine por vía regulamentaria. O canon recadado será posto á disposición do organismo de bacía correspondente.

6. O organismo liquidador dos canons e exaccións introducirá un factor corrector do importe que se vai satisfacer, segundo o beneficiado pola obra hidráulica consuma en cantidades superiores ou inferiores ás dotacións de referencia fixadas nos plans hidrolóxicos de bacía ou, se é o caso, na normativa que regule a respectiva planificación sectorial, en especial en materia de regadíos ou outros usos agrarios. Este factor corrector consistirá nun coeficiente que se aplicará sobre a liquidación, que non poderá ser superior a 2 nin inferior a 0,5, conforme as regras que se determinen regulamentariamente.

7. O organismo de bacía aprobará e emitirá as liquidacións reguladas neste artigo no exercicio ó que correspondan.

Artigo 115. *Natureza económico-administrativa das liquidacións.*

1. Regulamentariamente poderá establecerse a autoliquidación dos canons ou exaccións mencionados nos artigos anteriores.

2. Os actos de aprobación e liquidación destes canons ou exaccións terán carácter económico-administrativo. Sen prexuízo do disposto nas normas reguladoras dos procedementos aplicables, a impugnación dos actos non suspenderá a súa eficacia, sendo esixible o aboamento do débito pola vía administrativa de constrinximento. O non pagamento poderá motivar a suspensión ou perda do dereito á utilización ou aproveitamento do dominio público hidráulico.

3. O pagamento das exaccións previstas nesta lei, cando os obrigados a iso estean agrupados nunha comu-

nidade de usuarios ou organización representativa deles, poderase realizar a través de tales comunidades ou entidades, que quedan facultadas a tal fin para levar a cabo a recadación correspondente, nos termos que se establezan regulamentariamente.

TÍTULO VII

Das infraccións e sancións e da competencia dos tribunais

Artigo 116. *Accións constitutivas de infracción.*

Consideraranse infraccións administrativas:

- a) As accións que causen danos ós bens de dominio público hidráulico e ás obras hidráulicas.
- b) A derivación de auga dos seus leitos e o descubrimento de augas subterráneas sen a correspondente concesión ou autorización cando sexa precisa.
- c) O incumprimento das condicións impostas nas concesións e autorizacións administrativas a que se refire esta lei, sen prexuízo da súa caducidade, revogación ou suspensión.
- d) A execución, sen a debida autorización administrativa, doutras obras, traballos, sementeiras ou plantacións nos leitos públicos ou nas zonas suxeitas legalmente a algún tipo de limitación no seu destino ou uso.
- e) A invasión, a ocupación ou a extracción de áreas dos leitos, sen a correspondente autorización.
- f) As verteduras que poidan deteriorar a calidade da auga ou as condicións de desaugamento do leito receptor, efectuados sen contar coa autorización correspondente.
- g) O incumprimento das prohibicións establecidas nesta lei ou a omisión dos actos a que obriga.
- h) A apertura de pozos e a instalación neles de instrumentos para a extracción de augas subterráneas sen dispoñer previamente de concesión ou autorización do organismo de bacía para a extracción das augas.

Artigo 117. *Cualificación das infraccións.*

1. As citadas infraccións cualificaranse regulamentariamente de leves, menos graves, graves ou moi graves, atendendo á súa repercusión na orde e aproveitamento do dominio público hidráulico, á súa transcendencia polo que respecta á seguridade das persoas e bens e ás circunstancias do responsable, o seu grao de malicia, participación e beneficio obtido, así como á deterioración producida na calidade do recurso, podendo ser sancionadas coas seguintes multas:

Infraccións leves, multa de ata 6.010,12 euros (1.000.000 de pesetas).

Infraccións menos graves, multa de 6.010,13 a 30.050,61 euros (1.000.001 a 5.000.000 de pesetas).

Infraccións graves, multa de 30.050,62 a 300.506,06 euros (5.000.001 a 50.000.000 de pesetas).

Infraccións moi graves, multa de 300.506,06 a 601.012,10 euros (50.000.001 a 100.000.000 de pesetas).

2. A sanción das infraccións leves e menos graves corresponderalle ó organismo de bacía. En relación coas primeiras establecerase regulamentariamente un procedemento abreviado e sumario, respectando os principios establecidos no capítulo II do título IX da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Será competencia do ministro de Medio Ambiente a sanción das infraccións graves e quedará reservada

ó Consello de Ministros a imposición de multas por infraccións moi graves.

3. O Goberno poderá, mediante decreto, proceder á actualización do importe das sancións, previsto no punto 1 deste artigo.

Artigo 118. *Indemnizacións por danos e perdas ó dominio público hidráulico.*

1. Con independencia das sancións que lles sexan impostas, os infractores poderán ser obrigados a reparar os danos e perdas ocasionados ó dominio público hidráulico, así como a repoñer as cousas ó seu estado anterior. O órgano sancionador fixará executoriamente as indemnizacións que procedan.

2. Tanto o importe das sancións como o das responsabilidades a que houber lugar, poderán ser esixidos pola vía administrativa de constrinximento.

Artigo 119. *Multas coercitivas.*

1. Os órganos sancionadores poderán impor multas coercitivas nos supostos recollidos na Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. A contía de cada multa non superará, en ningún caso, o 10 por 100 da sanción máxima fixada para a infracción cometida.

2. Para garantir a eficacia da resolución final que puidera recaer, poderán adoptarse, con carácter provisional, as medidas cautelares que resulten necesarias para evitar a continuación da actividade infractora, como o selado de instalacións, aparellos, equipos e pozos, e o cesamento de actividades.

Artigo 120. *Infraccións constitutivas de delicto ou falta.*

Nos supostos en que as infraccións puideran ser constitutivas de delicto ou falta, a Administración pasará o tanto de culpa á xurisdicción competente e absterase de proseguir o procedemento sancionador mentres a autoridade xudicial non se pronunciase. A sanción da autoridade xudicial excluírá a imposición de multa administrativa. De non se ter estimado a existencia de delicto ou falta, a Administración poderá continuar o expediente sancionador de acordo cos feitos que os tribunais considerasen probados.

Artigo 121. *Xurisdicción competente.*

Correspóndelle á xurisdicción contencioso-administrativa o coñecemento das pretensións que se deduzan en relación cos actos de calquera administración pública en materia de augas, suxeitos ó dereito administrativo.

TÍTULO VIII

Das obras hidráulicas

CAPÍTULO I

Concepto e natureza xurídica das obras hidráulicas

Artigo 122. *Concepto de obra hidráulica.*

Para os efectos desta lei, enténdese por obra hidráulica a construción de bens que teñan natureza inmoble destinada á captación, extracción, desalgamento, almacenamento, regulación, conduxión, control e aproveitamento das augas, así como o saneamento, depuración, tratamento e reutilización das aproveitadas e as que teñan como obxecto a recarga artificial de acuíferos, a actuación sobre leitos, corrección do réxime de corren-

tes e a protección fronte a enchentes, tales como presas, encoros, canles de levadas, azudes, conduccións, e depósitos de abastecemento a poboacións, instalacións de desalgamento, captación e bombeo, rede de sumidoiros, colectores de augas pluviais e residuais, instalacións de saneamento, depuración e tratamento, estacións de aforo, piezómetros, redes de control de calidade, diques e obras de canalización e defensa contra enchentes, así como aquelas actuacións necesarias para a protección do dominio público hidráulico.

Artigo 123. *Réxime xurídico da obra hidráulica.*

1. As obras hidráulicas poden ser de titularidade pública ou privada.

Non poderá iniciarse a construción dunha obra hidráulica que comporte a concesión de novos usos da auga, sen que previamente se obteña ou declare a correspondente concesión, autorización ou reserva demaniais, salvo no caso de declaración de emerxencia ou de situacións hidrolóxicas extremas.

As obras hidráulicas vinculadas a aproveitamentos enerxéticos resultarlles igualmente de aplicación o previsto na Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico.

2. Son obras hidráulicas públicas as destinadas a garantir a protección, control e aproveitamento das augas continentais e do dominio público hidráulico e que sexan competencia da Administración xeral do Estado, das confederacións hidrográficas, das comunidades autónomas e das entidades locais.

Artigo 124. *Competencias para a execución, xestión e explotación das obras hidráulicas públicas.*

1. Son competencia da Administración xeral do Estado as obras hidráulicas de interese xeral. A xestión destas obras poderá ser realizada directamente polos órganos competentes do Ministerio de Medio Ambiente ou a través das confederacións hidrográficas. Tamén poderán xestionar a construción e explotación destas obras, as comunidades autónomas en virtude de convenio específico ou encomenda de xestión.

2. Son competencia das confederacións hidrográficas as obras hidráulicas realizadas con cargo ós seus fondos propios, no ámbito das competencias da Administración xeral do Estado.

3. O resto das obras hidráulicas públicas son de competencia das comunidades autónomas e das entidades locais, de acordo co que dispoñan os seus respectivos estatutos de autonomía e as súas leis de desenvolvemento, e a lexislación de réxime local.

4. A Administración xeral do Estado, as confederacións hidrográficas, as comunidades autónomas e as entidades locais poderán celebrar convenios para a realización e financiamento conxunto de obras hidráulicas da súa competencia.

Artigo 125. *Encomenda de xestión. Concesións sen competencia de proxectos.*

1. O Ministerio de Medio Ambiente e as confederacións hidrográficas, no ámbito das súas competencias, poderán encomendarlles ás comunidades de usuarios, ou xuntas centrais de usuarios, a explotación e o mantemento das obras hidráulicas que lles afecten. Para tal efecto, subscribírase un convenio entre a Administración e as comunidades ou xuntas centrais de usuarios no que se determinarán as condicións da encomenda de xestión e, en particular, o seu réxime económico-financieiro.

2. Así mesmo, as comunidades de usuarios e as xuntas centrais de usuarios poderán ser beneficiarios directos, sen concorrencia, de concesións de construción ou explotación das obras hidráulicas que lles afecten. Un convenio específico entre a Administración xeral do Estado e os usuarios regulará cada obra e fixará, se é o caso, as axudas públicas asociadas a cada operación.

Artigo 126. *Gastos de conservación e funcionamento.*

Para os efectos previstos na alínea a) do número 3 do artigo 114, terán a consideración de gastos de funcionamento e conservación as cantidades que se obriguen a satisfacer a Administración xeral do Estado ou as confederacións hidrográficas, en virtude de convenio suscrito cun terceiro a quen se atribúe a xestión da construción ou explotación dunha obra hidráulica de interese xeral, ou sexa concesionario delas.

Artigo 127. *Prerrogativas da obra hidráulica de interese xeral.*

1. As obras hidráulicas de interese xeral e as obras e actuacións hidráulicas de ámbito supramunicipal, incluídas na planificación hidrolóxica, e que non esgoten a súa funcionalidade no termo municipal onde se sitúen, non estarán suxeitas a licenza nin a calquera acto de control preventivo municipal ós que se refire a alínea b) do número 1 do artigo 84 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

2. Os órganos urbanísticos competentes non poderán suspender a execución das obras ás que se refire o parágrafo primeiro do punto anterior, sempre que se cumpra o trámite de informe previo, estea debidamente aprobado o proxecto técnico polo órgano competente, as obras se axusten ó dito proxecto ou ás súas modificacións e se fíxese a comunicación a que se refire o punto seguinte.

3. O Ministerio de Medio Ambiente deberá comunicarlles ás entidades locais afectadas a aprobación dos proxectos das obras públicas hidráulicas a que se refire o número 1, co fin de que se inicie, se é o caso, o procedemento de modificación do planeamento urbanístico municipal para adaptalo á implantación das novas infraestruturas ou instalacións, de acordo coa lexislación urbanística que resulte aplicable en función da situación da obra.

Artigo 128. *Coordinación de competencias concorrentes.*

1. A Administración xeral do Estado, as confederacións hidrográficas, as comunidades autónomas e as entidades locais teñen os deberes de recíproca coordinación das súas competencias concorrentes sobre o medio hídrico con incidencia no modelo de ordenación territorial, na dispoñibilidade, calidade e protección de augas e, en xeral, do dominio público hidráulico, así como os deberes de información e colaboración mutua en relación coas iniciativas ou proxectos que promovan.

2. A coordinación e cooperación á que se refire o punto anterior efectuarase a través dos procedementos establecidos na Lei 12/1983, do 14 de outubro, do proceso autonómico; na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, así como dos específicos que se prevén nos convenios suscritos entre as administracións afectadas.

3. Respecto ás bacías intercomunitarias, a aprobación, modificación ou revisión dos instrumentos de orde-

nación territorial e planificación urbanística que afecten directamente os terreos previstos para os proxectos, obras e infraestruturas hidráulicas de interese xeral recollidos nos plans hidrolóxicos de bacía ou no Plan Hidrolóxico Nacional requirirán, antes da súa aprobación inicial, o informe vinculante do Ministerio de Medio Ambiente, que versará en exclusiva sobre a relación entre tales obras e a protección e utilización do dominio público hidráulico e sen prexuízo do que prevexan outras leis aplicables por razóns sectoriais ou ambientais. Este informe entenderase positivo se non se emite e notifica no prazo de dous meses.

4. Os terreos reservados nos plans hidrolóxicos para a realización de obras hidráulicas de interese xeral, así como os que sexan estrictamente necesarios para a súa posible ampliación, terán a clasificación e cualificación que resulte da lexislación urbanística aplicable e sexa adecuada para garantir e preservar a funcionalidade das ditas obras, a protección do dominio público hidráulico e a súa compatibilidade cos usos da auga e as demandas ambientais. Os instrumentos xerais de ordenación e planeamento urbanístico deberán recoller esta clasificación e cualificación.

Artigo 129. *Avaliación de impacto ambiental.*

Os proxectos de obras hidráulicas de interese xeral someteranse ó procedemento de avaliación de impacto ambiental nos casos establecidos na lexislación de avaliación de impacto ambiental.

Artigo 130. *Declaración de utilidade pública e necesidade de ocupación.*

1. A aprobación dos proxectos de obras hidráulicas de interese xeral levará implícita a declaración de utilidade pública e a necesidade de ocupación dos bens e adquisición de dereitos, ós fins de expropiación forzosa e ocupación temporal, de acordo co disposto na lexislación correspondente.

2. A declaración de utilidade pública e necesidade de ocupación referirase tamén ós bens e dereitos comprendidos no planeamento do proxecto e nas modificacións de obras que poidan aprobarse posteriormente.

3. A proposta de declaración de urxencia para a ocupación de bens e dereitos afectados por obras hidráulicas de interese xeral corresponderá ó órgano competente do Ministerio de Medio Ambiente.

4. Cando a realización dunha obra hidráulica de interese xeral afecte de forma singular ó equilibrio socioeconómico do termo municipal en que se sitúe, elaborárase e executarase un proxecto de restitución territorial para compensar tal afección.

Artigo 131. *Declaración dunha obra hidráulica como de interese xeral.*

1. A iniciativa para a declaración dunha obra hidráulica como de interese xeral, conforme os puntos 2 e 3 do artigo 46 desta lei, corresponderalle ó Ministerio de Medio Ambiente, de oficio ou por instancia dos que tivesen interese nisto, sen prexuízo do disposto nas alíneas a) e b) do número 3 do artigo 46. Poderán instar a iniciación do expediente de declaración dunha obra hidráulica como de interese xeral, no ámbito das súas competencias:

a) O resto dos departamentos ministeriais da Administración xeral do Estado.

b) As comunidades autónomas e as entidades locais.

c) As comunidades de usuarios ou organizacións representativas destes.

En todo caso, serán oídos no correspondente expediente as comunidades autónomas e entidades locais afectadas.

2. Cando se trate de obras hidráulicas que teñan como finalidade principal os regadíos ou outros usos agrarios, o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación informará preceptivamente sobre as materias propias da súa competencia, en especial sobre a adecuación do proxecto ó establecido na planificación nacional de regadíos vixente.

3. Para declarar unha obra hidráulica de interese xeral, deberá ponderarse a adecuación do proxecto ás esixencias ambientais, tendo especialmente en conta a compatibilidade dos usos posibles e o mantemento da calidade das augas.

4. O expediente de declaración dunha obra hidráulica como de interese xeral deberá incluír unha proposta de financiamento da construción e explotación da obra, así como un estudo sobre os canons e tarifas que satisfarán os beneficiarios. Para estes efectos, este expediente será informado polo Ministerio de Facenda.

CAPÍTULO II

Das sociedades estatais

Artigo 132. *Réxime xurídico das sociedades estatais.*

1. Autorízase o Consello de Ministros a constituír unha ou varias sociedades estatais das previstas polo artigo 6.1.a) do texto refundido da Lei xeral orzamentaria, aprobado polo Real decreto lexislativo 1091/1988, do 23 de setembro, que teñan como obxecto social a construción, explotación ou execución das obras públicas hidráulicas que para o efecto determine o propio Consello de Ministros.

2. As relacións entre a Administración xeral do Estado e as sociedades estatais ás que se refire o punto anterior regularanse mediante os correspondentes convenios, logo do informe favorable do Ministerio de Economía, que deberán ser autorizados polo Consello de Ministros e nos que se preverán, polo menos, os seguintes extremos:

a) O réxime de construción ou explotación das obras públicas hidráulicas de que se trate.

b) As potestades que ten a Administración xeral do Estado en relación coa dirección, inspección, control e recepción das obras, a titularidade das cales corresponderá en todo caso e ela.

c) As achegas económicas que teña que realiza-la Administración xeral do Estado á sociedade estatal, para este efecto aquela poderá adquirilos compromisos plurianuais de gasto que resulten pertinentes, sen suxeición ás limitacións establecidas polo artigo 61 do texto refundido da Lei xeral orzamentaria, aprobado polo Real decreto lexislativo 1091/1988, do 23 de setembro. O disposto nesta letra enténdese, en todo caso, sen prexuízo das achegas que a sociedade estatal poida recibir doutros suxeitos públicos ou privados, en virtude, se é o caso, da conclusión dos correspondentes convenios.

d) As garantías que teñan que establecerse a favor das entidades que financien a construción ou explotación das obras públicas hidráulicas.

3. Nos contratos que as sociedades estatais ás que se refire este artigo conclúan con terceiros para a construción das obras públicas hidráulicas observaranse as regras seguintes:

1.º Aplicaranse as prescricións do texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2000, do 16 de xuño, e das disposicións que a desenvolvan, no con-

cernente á capacidade das empresas, publicidade, procedementos de licitación e formas de adxudicación.

2.º Incluirán as cláusulas que resulten pertinentes para a adecuada defensa por estas sociedades estatais e pola Administración xeral do Estado dos intereses públicos afectados.

3.º A orde xurisdiccional contencioso-administrativa coñecerá das cuestións que se susciten en relación coa preparación e a adxudicación.

CAPÍTULO III

Dos contratos de construción e explotación de obras hidráulicas

Artigo 133. *Concepto.*

1. Para a construción, conservación e explotación das obras e infraestruturas vinculadas á regulación dos recursos hidráulicos, a súa conducción, potabilización e desalinización, e ó saneamento e depuración das augas residuais, as administracións públicas poderán utilizarlo contrato de construción e explotación de obras hidráulicas, que se rexerá polos preceptos contidos nesta lei e, no seu defecto, polo previsto no texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas e demais normas que resulten aplicables por razón da materia.

2. Para os efectos desta lei, terá a consideración de contrato de concesión de construción e explotación de obras hidráulicas, aquel no que, tendo por obxecto a construción, conservación e explotación das obras definidas no punto primeiro, a contraprestación ó cesionario consista no dereito a percibi-la tarifa prevista no número 1, alínea a), do artigo 135 desta lei.

A Administración concedente, cando existan razóns de interese público, rendibilidade social ou uso colectivo, poderá compensa-lo concesionario parte da obra pública prevista, nos termos que en cada caso se establezan nos correspondentes pregos contractuais.

Artigo 134. *Réxime xurídico.*

1. O réxime xurídico deste contrato será o establecido na lexislación básica estatal, coas salvidades seguintes:

a) O prazo de explotación da obra será o previsto en cada prego de cláusulas administrativas particulares, sen que poida exceder en ningún caso de setenta e cinco anos.

b) A Administración poderá impoñerlle ó concesionario, no contrato, que ceda a un terceiro unha porcentaxe da construción da obra que represente, polo menos, un 30 por 100 do seu valor total, debendo expresar razoadamente no prego de cláusulas particulares os motivos que aconsellan esta cesión. A selección do cesionario deberá segui-las normas xerais dos contratos de obras.

c) Quedan exceptuados estes contratos do previsto nos artigos 11.e), 62.c) e 69.4 do texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas. En todo caso, unirase ó expediente certificación de compromisos de crédito para exercicios futuros e un informe do Ministerio de Facenda sobre os aspectos orzamentarios e financeiros do contrato.

d) De conformidade co disposto no artigo, 14.3 do texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas, no suposto de compensación por parte da Administración ó concesionario de parte da obra pública

prevista, autorízase a que o pagamento se leve a cabo de forma aprazada, nos termos fixados no propio contrato de concesión.

2. O outorgamento do contrato de concesión das obras hidráulicas a que se refire o artigo 133.2 desta lei, considerarase título habilitante para ocupar e usar os terreos e bens de dominio público necesarios para a construción da obra e a produción dos bens e servicios ós que se destina.

3. O réxime xurídico do uso do dominio público necesario para executa-lo contrato de concesión será o seguinte:

a) O concesionario terá o dereito a utilizar privativamente os bens de dominio público incluídos na concesión, e o beneficio da expropiación forzosa dos bens, terreos e dereitos afectados, nos termos fixados no contrato de concesión de obra hidráulica.

b) As obras, bens e instalacións que realice o concesionario sobre o dominio público serán utilizados, ocupados e xestionados polo concesionario ata que expire o prazo para o que se outorgou a concesión, momento no que reverterán á Administración pública competente.

c) As concesións serán susceptibles de inscrición no Rexistro da Propiedade.

Artigo 135. *Réxime económico financeiro.*

1. O réxime económico-financiero do contrato rexeráse polos seguintes principios:

a) As tarifas que perciban os concesionarios serán fixadas pola Administración competente incluíndo nelas os gastos de funcionamento, conservación e administración, a recuperación do investimento e o custo do capital, nos termos previstos no contrato de concesión.

b) A Administración velará para que en todo momento se manteña o equilibrio financeiro da concesión.

2. O outorgamento do contrato de concesión regulado no artigo anterior, só poderá modifica-lo réxime de utilización dos recursos hídricos previsto nesta lei, naquilo que se derive expresamente do establecido neste capítulo.

3. O Goberno desenvolverá regulamentariamente os preceptos contidos nesta lei, especialmente en canto se refire ó réxime económico-financiero das concesións.

Disposición adicional primeira. *Lagos, lagoas e charcas inscritas no Rexistro da Propiedade.*

Os lagos, lagoas e charcas, sobre os que existan inscricións expresas no Rexistro da Propiedade, conservarán o carácter dominical que tivesen no momento de entrar en vigor a Lei 29/1985, do 2 de agosto, de augas.

Disposición adicional segunda. *Administración hidráulica das bacías internas dunha comunidade autónoma.*

As funcións que, de acordo con esta lei, exercen os organismos de bacía naquelas que excedan do ámbito territorial dunha comunidade autónoma, corresponderán ás administracións hidráulicas daquelas comunidades que no seu propio territorio e en virtude dos seus estatutos de autonomía, exerzan competencias sobre o dominio público hidráulico e se trate de bacías hidrográficas comprendidas integramente dentro do seu ámbito territorial.

Disposición adicional terceira. *Estatísticas sobre a evolución das augas continentais.*

O Ministerio de Medio Ambiente manterá unha estatística que permita a vixilancia da evolución da cantidade e a calidade das augas continentais en relación coas características definidas nos plans hidrolóxicos.

Disposición adicional cuarta. *Actuacións que realizará o Instituto Xeolóxico e Mineiro de España.*

Sen prexuízo das competencias na xestión da auga establecidas nesta lei, o Instituto Xeolóxico e Mineiro de España formulará e desenvolverá plans de investigación tendentes ó mellor coñecemento e protección dos acuíferos subterráneos, e prestará asesoramento técnico ás distintas administracións públicas en materias relacionadas coas augas subterráneas.

Disposición adicional quinta. *Competencias das comunidades autónomas en materia de ordenación do territorio.*

As posibles limitacións no uso de solo e reservas de terreo, previstas nos artigos 6, 11, 20, 1.d), 43 e 96 desta lei, aplicaranse sen menoscabo das competencias que as comunidades autónomas poidan exercer en materia de ordenación do territorio.

Disposición adicional sexta. *Prazos en expedientes sobre dominio público hidráulico.*

Para os efectos previstos no artigo 42.2 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, na redacción dada a este pola Lei 4/1999, de modificación da anterior, os prazos para resolver e notificar a resolución nos procedementos regulados nesta lei serán os seguintes:

1.º Procedementos relativos a concesións do dominio público hidráulico, excepto os previstos no artigo 68, dezaioito meses.

2.º Procedementos de autorización de usos do dominio público hidráulico, seis meses.

3.º Procedementos sancionadores e outras actuacións referentes ó dominio público hidráulico, un ano.

Disposición adicional sétima. *Acuíferos sobreexplotados.*

1. Nos acuíferos declarados sobreexplotados ou en risco de estalo, poderanse outorgar concesións de augas subterráneas que permitan a extracción do recurso só en circunstancias de seca previamente constatadas pola xunta de goberno do organismo de bacía e de acordo co plan de ordenación para a recuperación do acuífero.

2. Os dereitos de aproveitamento do artigo 54.2 e os dereitos sobre augas privadas a que se refire a disposición transitoria terceira desta lei estarán suxeitos ás restricións derivadas do plan de ordenación para a recuperación do acuífero ou as limitacións que, se é o caso, se establezan en aplicación do artigo 58, nos mesmos termos previstos para os concesionarios de augas, sen dereito a indemnización.

Disposición adicional oitava. *Obras de mellora de infraestrutura hidráulica do Delta do Ebro.*

Unha vez rematado o Plan de Obras de Mellora de Infraestrutura Hidráulica do Delta do Ebro, sen prexuízo

das competencias da Administración hidráulica do Estado, a Administración hidráulica de Cataluña, na parte da bacía do Ebro situada no territorio desta Comunidade Autónoma, executará as obras que permitan un mellor aproveitamento dos seus recursos previstas na Lei 18/1981, do 1 de xullo, de actuacións en materias de auga en Tarragona, con cargo á porcentaxe do canon ingresado que se determine de forma definitiva no Plan Hidrolóxico Nacional.

Disposición transitoria primeira. *Titulares de dereitos sobre augas públicas derivados da Lei do 13 de xuño de 1879.*

1. Os que, conforme a normativa anterior á Lei 29/1985, do 2 de agosto, de augas, fosen titulares de aproveitamento de augas públicas en virtude de concesión administrativa ou prescrición acreditada, así como de autorizacións de ocupación ou utilización do dominio público estatal, seguirán gozando dos seus dereitos, de acordo co contido dos seus títulos administrativos e o que a propia Lei 29/1985 establece, durante un prazo máximo de setenta e cinco anos a partir da entrada en vigor desta, de non fixarse no seu título outro menor.

2. Os aproveitamentos de augas definidas como públicas segundo a normativa anterior á Lei 29/1985, do 2 de agosto, de augas, quedarán legalizados mediante inscrición no Rexistro de Augas, sempre que os seus titulares acreditasen o dereito á utilización do recurso de conformidade co establecido na disposición transitoria primeira 2 desa lei.

O dereito á utilización do recurso prolongarase por un prazo de setenta e cinco anos, contados desde a entrada en vigor da dita lei, sen prexuízo de que a Administración axuste o caudal do aproveitamento ás necesidades reais.

Disposición transitoria segunda. *Titulares de dereitos sobre augas privadas procedentes de mananciais, derivados da Lei do 13 de xuño de 1879.*

1. Ós titulares dalgún dereito conforme a Lei do 13 de xuño de 1879, sobre augas privadas procedentes de mananciais que viñeran utilizándose en todo ou en parte e obtivesen a súa inclusión no Rexistro de Augas como aproveitamento temporal de augas privadas, seralles respectado o dito réxime por un prazo máximo de cincuenta anos, contado desde o 1 de xaneiro de 1986. Os que, ó termo do dito prazo, se encontrasen utilizando os caudais, en virtude de título lexítimo, terán dereito preferente para a obtención da correspondente concesión administrativa de conformidade co previsto na Lei 29/1985, do 2 de agosto, de augas.

2. Se os interesados non acreditasen os seus dereitos de acordo coa disposición transitoria segunda 1, manterán a súa titularidade na mesma forma que ata agora, pero non poderán gozar da protección administrativa que se deriva da inscrición no Rexistro de Augas.

3. En calquera dos supostos anteriores, o incremento dos caudais totais utilizados, así como a modificación das condicións ou réxime do aproveitamento, requirirán a oportuna concesión que ampare a totalidade da explotación segundo o establecido nesta lei.

4. En todo caso, ós aproveitamentos de augas a que se refire esta disposición transitoria seranlles aplicables as normas que regulan a sobreexplotación de acuíferos, os usos da auga en caso de seca grave ou de urxente necesidade e, en xeral, as relativas a limitacións do uso do dominio público hidráulico.

Disposición transitoria terceira. *Titulares de dereitos sobre augas privadas procedentes de pozos ou galerías, derivados da Lei do 13 de xuño de 1879.*

1. Os aproveitamentos temporais de augas privadas procedentes de pozos ou galerías, inscritos no Rexistro de Augas ó abeiro da disposición transitoria terceira 1 da Lei 29/1985, do 2 de agosto, de augas, serán respectados pola Administración, durante un prazo de cincuenta anos contado desde o 1 de xaneiro de 1986, no que se refire ó réxime de explotación dos caudais, e dereito preferente para a obtención da correspondente concesión administrativa de conformidade co previsto na citada lei.

2. Se os interesados non acreditasen os seus dereitos, de conformidade coa disposición transitoria terceira 1, manterán a súa titularidade na mesma forma que ata agora, pero non poderán gozar da protección administrativa que se deriva da inscrición no Rexistro de Augas.

3. En calquera dos supostos anteriores, o incremento dos caudais totais utilizados, así como a modificación das condicións ou réxime de aproveitamento, requirirán a oportuna concesión que ampare a totalidade da explotación, segundo o establecido nesta lei.

4. En todo caso, ós aproveitamentos de augas privadas a que se refire esta disposición transitoria, seralles aplicables as normas que regulan a sobreexplotación de acuíferos, os usos da auga en caso de seca grave ou de urxente necesidade e, en xeral, as relativas ás limitacións do uso do dominio público hidráulico.

Disposición transitoria cuarta. *Rexistro dos aproveitamentos de augas cualificadas como privadas pola Lei de 1879.*

1. Os aproveitamentos de augas cualificadas como privadas pola Lei do 13 de xuño de 1879 poderanse inscribir no Rexistro de Augas a petición dos seus titulares lexítimos e para os efectos previstos nas disposicións transitorias segunda e terceira.

2. Tódolos aproveitamentos de augas cualificadas como privadas pola lexislación anterior á Lei 29/1985, do 2 de agosto, de augas, serán declarados polos seus titulares lexítimos ante o organismo de bacía, nos prazos que se determinen regulamentariamente.

O organismo de bacía, logo do coñecemento das súas características e aforo, incluíraos no catálogo de aproveitamento de augas privadas da bacía.

3. Os titulares de aproveitamento de augas continentais de calquera clase, que non os inscribisen no rexistro de augas ou inclúisen no catálogo de bacía, poderán ser obxecto de multas coercitivas na forma e contía que resulten da aplicación dos criterios determinados no artigo 117 desta lei.

Disposición transitoria quinta. *Eficacia xurídica dos plans hidrolóxicos de bacía.*

Os plans hidrolóxicos de bacía, aprobados antes da promulgación do Plan Hidrolóxico Nacional, terán plena eficacia xurídica. Os titulares de concesións administrativas outorgadas ó abeiro destes plans deberán ser indemnizados, de non se dispor outra cousa nos seus respectivos condicionados, polos prexuízos que, se é o caso, lles irroque a aplicación do Plan Hidrolóxico Nacional.

Disposición transitoria sexta. *Revisión de características de aproveitamentos inscritos no Rexistro de Augas Públicas.*

No prazo e do modo que regulamentariamente se determine, os organismos de bacía revisarán as características dos aproveitamentos actualmente inscritos no Rexistro de Aproveitamento de Augas Públicas, como trámite previo ó traslado dos seus asentos ó Rexistro de Augas do Organismo de Bacía correspondente.

Disposición transitoria sétima. *Actualización de valores para efectos do artigo 114 desta lei.*

Só computará, para a actualización dos valores dos investimentos de obras xa realizadas a que se refire o artigo 114, o período que transcorrese desde a data de entrada en vigor da Lei 29/1985, do 2 de agosto, de augas.

Disposición transitoria oitava. *Canon de control de verteduras.*

1. O canon de control de verteduras entrará en vigor o 1 de xaneiro do ano 2002. No período impositivo correspondente ó ano natural 2001 aplicarase o canon de vertedura establecido no artigo 105 da Lei 29/1985, do 2 de agosto, de augas.

2. O previsto no número 5 do artigo 113, desta lei, para a xestión e recadación do canon de control de verteduras nas bacías intercomunitarias será de aplicación ás bacías intracomunitarias sen traspaso de competencias.

Disposición derradeira primeira. *Supletoriedade do Código civil.*

En todo o que non estea expresamente regulado por esta lei, aplicarase o disposto polo Código civil.

Disposición derradeira segunda. *Desenvolvemento regulamentario.*

O Goberno e o ministro de Medio Ambiente, no ámbito das súas respectivas competencias, poderán dictar as normas regulamentarias que requira o desenvolvemento e aplicación desta lei.

Disposición derradeira terceira. *Vixencia dos estatutos e ordenanzas das comunidades de usuarios.*

Os estatutos ou ordenanzas das comunidades de usuarios xa constituídas seguirán vixentes, sen prexuízo de que, se é o caso, teñan que ser revisados para adaptalos ós principios constitucionais de representatividade e estrutura democrática.

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

14555 REAL DECRETO 783/2001, do 6 de xullo, polo que se aproba o Regulamento sobre protección sanitaria contra radiacións ionizantes. («BOE» 178, do 26-7-2001.)

O artigo 2.b) do Tratado constitutivo da Comunidade Europea da Enerxía Atómica (EURATOM) dispón que a Comunidade deberá establecer normas uniformes de